

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 25 de NOVIEMBRE de 2004**

Orde do Día dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria que se celebrará o vindeiro xoves, día 25 de novembro de 2004, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

*Declaracións institucionais

Central-Actas

- 1.- Aprobación da acta anterior, nº 12/ 04 correspondente á sesión celebrada o 28 de outubro de 2004.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia da nº 14.963 deica a nº 16.999.
- 3.- Proposición da Presidencia: Cambio de data do Pleno Ordinario de decembro.
- 4.- Proposición da Presidencia: Informe da Deputación sobre modificación dos Estatutos do Consorcio As Mariñas.

Economía, Facenda e Especial de Contas

- 5.- Orzamento xeral para o exercicio económico 2005 e bases de execución.

Cooperación e Asistencia a Concellos

- 6.- Aprobación dos proxectos reformados das obras “Pavimentación de rúas nas parroquias de Feás e Muniferral” (código 04.2100.0007.0) e “Pavimentación de rúas nas parroquias de Cambas, Portomazás”, (código 04.2100.0010.0) do Concello de Aranga, incluídas no POS 2004.
- 7.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Ampliación de Pontón Muíña Vella, Km 6,58” do Concello de Touro, incluída no programa de RVL 2004, código 04.2400.0501.0.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- 8.- Aprobación definitiva de expediente de cesión do uso de locais ao Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de os incorporar á Rede Municipal de Centros e Locais Socioculturais.
- 9.- Iniciación de expediente de desafectación parcial do edificio da Milagrosa e inicio de trámites para a cesión de uso.
- 10.- Aprobación de cambio da obra do Concello de Oza dos Ríos incluída no Plan 2000 de arquitectura popular, anualidade 1999, recuperación da Igrexa do Carme (Parada) e Santa María de Cuíña, código 99.4100.0100.0, polas obras de recuperación da Capela

do Carne (Parada), código 99.4100.0557.0 e recuperación da igrexa de Santa María de Cuiña, código 99.4100.0558.0.

11.- Aprobación do contrato conexo de dirección e coordinación de seguridade e saúde do proxecto técnico da obra “Acondicionamento de campo de fútbol” do Concello de Valdoviño, incluída na 5ª fase da anualidade 2003 da primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación, incluídas no IV Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006, para reformar e construír instalacións deportivas municipais. Código 03.7450.0022.5.

12.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Remate de campo de fútbol Tarreo Grande” do Concello de Oza dos Ríos, incluída na 2ª fase da anualidade 1999 do Plan 2000 deportes 1998-2001. Código 00.3420.0114.6.

13.- Aprobación da modificación do convenio marco de colaboración entre a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra, sobre o parque comarcal de bombeiros de Santiago de Compostela.

14.- Aprobación do proxecto reformado nº 2 con incremento da obra “Centro socio cultural de Sofán, 1ª fase Pl.”, do Concello de Carballo incluída no Plan 2000 de Infraestruturas anualidades 1999, 2000 e 2001. Código 99.3400.1086.0.

15.- Aprobación do convenio co Ministerio de Defensa, para promover a rehabilitación do contorno da zona de Fontelonga en Ferrol.

Infraestruturas viarias: Vías e Obras Provinciais

16.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación de bens e dereitos que son necesarios ocupar, para realizar obras contidas no proxecto de ampliación e mellora do trazado da E.P. 3503 Maniños a Ponte Rego por San Marcos (P.K. 0,400 ao 1,200), código 04.1130.0004.0, incluído no Plan de travesías 2004, 1ª fase.

17.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación de bens e dereitos que son necesarios ocupar, para realizar as obras contidas no proxecto de ensanche e acondicionamento da E.P. 3614 de Gándara ao Km. 3 da estrada Ferrol-Cedeira, P.K. 1,89 ao 2,61, código 04.1130.0006.0, incluído no Plan de travesías 2004, 1ª fase.

18.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación de bens e dereitos que son necesarios ocupar, para realizar as obras contidas no proxecto de acondicionamento da E.P. 3802 de Ordes a Pontecarreira, P.K. 0,00 ao 0,71, código 04.1130.0010.0, incluído no Plan de travesías 2004, 1ª fase.

19.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación de bens e dereitos que son necesarios ocupar, para realizar as obras contidas no proxecto de mellora de seguridade viaria na E.P. 6121 en Feás (dende o P.K. 2,379 a P.K. 3,710, 1ª fase, código 04.1130.0003.0 incluído no Plan de travesías 2004, 1ª fase.

20.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación de bens e dereitos que son necesarios ocupar, para realizar as obras contidas no proxecto de ensanche e acondicionamento da E.P. 3608 de Feira do 2 en Serantes a Doniños, P.K. 0,00 ao 1,20 código 04.1130.0005.0, incluído no Plan de travesías 2004, 1ª fase.

21.- Aprobación técnica e solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación de bens e dereitos que son necesarios ocupar, para realizar as obras contidas no proxecto de ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 0604 da C-544 a Arzúa por Calvos dende o P.K. 0,0 a P.K. 3,3, incluído no Plan cuarta relación da anualidade 2004 do Programa de actuación na rede de estradas provinciais, período 2002-2005.

22.- Aprobación técnica e solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación de bens e dereitos que son necesarios ocupar, para realizar as obras contidas no proxecto de ampliación e mellora do trazado da E.P. 1909 Carballo a Caión e acceso a Lagoa P.K. 12,00 ao 15,630 incluído no Plan cuarta relación da anualidade 2004 do programa de actuación na rede de estradas provinciais, período 2002-2005.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

23.- Validación de actuacións realizadas polo Concello de Narón da obra “Creación da zona de acampada de turismo natural, 2ª fase”, código 02.4300.0088.0.

24.- Modificación da obra correspondente ao Plan XXI de turismo da natureza, código 02.4300.0053.0, “Acondicionamento do contorno da Ermida de S. Cosme”, do Concello de Culleredo.

Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

25.- Cambio do obxecto da subvención nominativa incluída no Orzamento de 2004 para “Obras de urbanización de Campus de Elviña”, para a Universidade da Coruña.

Deporte, Mocidade e Medio Ambiente

26.- Concesión de subvencións nominativas a entidades deportivas da provincia. Relación nº 3/2004.

27.- Corrección de erros nas denominacións de entidades deportivas incluídas nas relacións nº 1/2004 e nº 2/2004 de subvencións nominativas.

Persoal e Réxime Interior

28.- Réxime de retribucións e indemnizacións aos membros da Corporación provincial.

29.- Aprobación do Cadro de persoal funcionario, laboral e eventual, e Relación de postos de traballo da Deputación Provincial da Coruña, para 2005.

30.- Incremento da dotación orzamentaria destinada ao aboamento do complemento de produtividade adicional.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretaria accidental, dona M^a Amparo C. Taboada Gil, oficial maior da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. presidente

A secretaria accidental vai ler as dúas declaracións institucionais que están pactadas polos tres grupos políticos. Despois da segunda rogareille, tamén por acordo dos tres grupos políticos que conforman esta deputación, rogareilles que nos poñamos de pé e gardemos dous minutos de silencio pola vítimas da violencia de xénero.

Sra. secretaria

“Os grupos políticos da Deputación da Coruña, por proposta desta Presidencia, desexan expresarlle o seu máis fondo parabén á Asociación da Prensa da Coruña con motivo da celebración do centenario desa entidade, feito que acontecerá o vindeiro 5 de decembro.

Na Asociación da Prensa da Coruña concorren moitas circunstancias que a fan acreedora deste recoñecemento institucional pois ela foi testemuña privilexiada do acontecer histórico e da evolución cultural, económica e social da nosa cidade e, por ende, tamén da provincia, durante os cen últimos anos.

A Asociación da Prensa da Coruña, integrada ao longo da súa vida por homes e mulleres que encontraron no xornalismo a forma de construír unha sociedade mellor, representa hoxe os valores duns profesionais que co seu traballo fan posíbel o dereito constitucional dos cidadáns ao libre acceso á información e á expresión das súas ideas.

Esta centenaria entidade, unha das máis antigas de España, constitúe tamén un referente na historia do xornalismo galego, e moitos dos seus membros contribuíron a escribir as mellores páxinas dos xornais máis importantes da comunidade autónoma.

Este recoñecemento institucional pretender ser a mellor homenaxe que os grupos políticos da Deputación da Coruña queren tributar tanto á asociación, e ás persoas que a integraron ao longo destes cen anos, como aos xornalistas que hoxe a compoñen, os que co seu traballo contribúen a construír unha sociedade mellor, a manter o compromiso de ter informados aos cidadáns.

A piques de cumprir o primeiro século da súa historia, a Asociación da Prensa da Coruña ten un pasado cheo de éxitos e un futuro ilusionante. Parabéns por isto, e parabéns tamén aos xornalistas que hoxe pilotan os actos conmemorativos do centenario.”

“A violencia de xénero é unha manifestación máis das desigualdades sociais entre homes e mulleres.

Na súa forma máis extrema provoca mortes, e un gran rexeitamento. Ten a súa orixe nunha violencia cotiá que pasa desapercibida; a violencia psicolóxica e emocional, que se manifesta na desvalorización da muller, no menosprezo do seu traballo, no seu illamento social e nas ameazas.

Esta violencia psicolóxica é oculta, é o paso anterior ao maltrato físico, máis visíbel.

A violencia contra as mulleres é un problema de toda a sociedade. É preciso sumar todas as formas para previla e erradicala. Non podemos manternos en silencio, porque o silencio convértenos en cómplices do abuso e sufrimento das mulleres.

As actitudes de rexeitamento da violencia evidencian que as mulleres non están soas, e que os agresores non contan co apoio nin de homes nin de mulleres, porque denunciando os protagonistas e as situacións de maltrato queda claro que eles son os únicos responsábeis dos seus actos.

A sociedade non debe permitir nin xustificar o control, nin as ameazas, nin as agresións que as mulleres padecen.

As mulleres queren vivir cos seus dereitos, os dereitos humanos, e ser libres e autónomas sen que perigue a súa integridade física e emocional.

É obriga de todas e de todos, da sociedade no seu conxunto, garantir os dereitos das mulleres, non sendo cómplices da violencia exercida contra elas, nin calando diante da desigualdade e sufrimento por motivo de xénero.

NON MIRES CARA AO OUTRO LADO”

(Aplausos)

Sr. presidente

Imos gardar dous minutos de silencio en memoria das 97 vítimas que a violencia de xénero produciu en España este ano.

Gárdanse dous minutos de silencio e continúaase co Pleno.

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, Nº 12/ 04 CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 28 DE OUTUBRO DE 2004.

Apróbase a acta anterior, nº 12/04, correspondente á sesión celebrada o 28 de outubro de 2004.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA DA Nº 14.963 DEICA A Nº 16.999.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia da nº 14.963 deica a nº 16.999.

Ratifícase a inclusión na orde do día dos puntos 3 e 4.

3.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA: CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DE DECEMBRO.

Por unanimidade, apróbase a seguinte proposición:

“Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro correspondería celebrala o día 30 dese mes, durante as festas do Nadal, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada.

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión plenaria do 17 de setembro de 2004,

PROPÓN AO PLENO, trala ratificación previa da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao duodécimo mes de 2004 celebrarase o día 23 de decembro, xoves, a partir das doce horas.”

4.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA: INFORME DA DEPUTACIÓN SOBRE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO AS MARIÑAS.

Por unanimidade, apróbase a seguinte proposición:

“O presidente do consorcio “As Mariñas” remite certificación do acordo do Pleno do consorcio, adoptado na sesión extraordinaria do 27 de setembro de 2004, polo que se aproba a modificación dos estatutos para informe desta Deputación provincial en cumprimento do que dispón o artigo 143.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo da Administración local de Galicia.

Convén que o informe da deputación se incorpore ao expediente coa maior celeridade posíbel para evitar atrancos no funcionamento do consorcio, aínda que non conste o simultáneo e preceptivo sometemento a información pública da modificación proposta;

Vista, polo tanto, a urxencia do asunto; ao abeiro do disposto nos artigos 56.3 e 71.2 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante cos artigos 82.3 e 97.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), elevo ao Pleno a seguinte proposta de acordo, trala ratificación plenaria previa da inclusión do asunto na orde do día:

“Informar favorabelmente da modificación, acordada na sesión extraordinaria do Pleno do consorcio do 27 de setembro de 2004, dos Estatutos do Consorcio “As Mariñas”.

5.- ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2005 E BASES DE EXECUCIÓN.

INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Imos iniciar o debate, ou imos comezar a exposición deste orzamento inicial de cara ao ano 2005, un orzamento que ten a filosofía global que está a defender este equipo de goberno e que non é, nin máis nin menos, que gastar menos para facer máis e mellor. Non se nos escapa que este acto é un dos actos máis importantes das institucións, neste caso da institución provincial, e ademais que coincide, practicamente por un día, coa constitución da actual Corporación, que se fixo o 26 de novembro do ano 2004 e iniciou a súa andaina o 3 de decembro coa constitución plenaria, e a partir de aquí este equipo de goberno trata, a través das súas actuacións, e en concreto a través deste orzamento inicial, de buscar maior cooperación e maior solidariedade para o benestar dos cidadáns da provincia, é dicir, continuamos un camiño económico orzamentario que non é un camiño cerrado, haberá distintas modificacións ao longo do exercicio se hoxe se estima favorabelmente nesta Cámara e que, indubidabelmente, vén e virá demostrar que a actuación da institución provincial como concello de concellos ten que ser áxil, obxectiva, cooperativa e solidaria.

Antes de iniciar os estudos dos ingresos do orzamento dos gastos, permítaseme facer unhas características globais, xerais, que marcan esta liña dun orzamento que nós consideramos progresista, estas liñas son que é un orzamento realista, debido a que toma en consideración os ingresos previsíbeis cos gastos necesarios, é un orzamento responsábel que asume os compromisos concertados polo goberno anterior e que aparecen reflectidos nos distintos aspectos orzamentarios por preto de 9 millóns de euros, é un orzamento austero dado que limita no posíbel os gastos correntes e reduce en endebedamento neto e, polo tanto, a débeda viva, redúcese concretamente en algo máis dun millón de euros, e dentro desta austeridade estamos ante o concepto de carga financeira máis baixo dos últimos dez anos, é dicir, sitúase nun 10,25%.

É un orzamento solidario que incorpora non só temas de solidariedade a nivel provincial, con subvencións en materias de servizos sociais, de colaboración coas ONG a nivel provincial, senón tamén en materia cos irmáns galegos de alén mar, é dicir, unha solidariedade externa que coopera con aqueles compañeiros, veciños e amigos que neste momento están a atravesar unha crise importante, sobre todo nas nacións irmás de Iberoamérica. Recentemente o presidente, acompañado por unha delegación de voceiros dos distintos grupos tiveron ocasión de comprobar que hai moitas necesidades e que é conveniente e necesario seguir neste labor de colaboración.

É un orzamento ilusionante que incorpora e recolle novos temas para desenvolvemento local, estamos coa continuación, a segunda fase digamos, do

programa europeo Proximitas, e que se vai tratar de captar distintos fondos da Unión Europea con novidades que hoxe podemos xa adiantar, como poden ser o proxecto de “Vías atlánticas” para sinalización e viario, o proxecto de “Turmas” que irá destinado a turismo, e o proxecto de “Muller XXI”, que é un novo proxecto Equal que ten como obxectivo a incorporación da muller ao mundo laboral.

É un proxecto modernizador porque contén programas novos de investimento, tanto en infraestruturas como en temas informáticos e respectuoso coa legalidade vixente porque cumpre sobradamente co obxectivo da Lei de estabilidade orzamentaria.

Estas orientacións xenéricas que acabo de mencionar non van, nin máis nin menos, que destinadas aos nosos cidadáns da provincia a través de distintas actividades, investimentos e programas que iremos debullando ao longo desta presentación.

Pero antes de entrar na parte numérica debemos de facer unhas reflexións que eu penso, ou pensamos o equipo de goberno, que son necesarias antes de entrar en profundidade. Todos sabemos que os dízitos que compoñen todo orzamento son algo que ten detrás unha filosofía que este equipo de goberno tenta que sexa unha filosofía o máis obxectiva posíbel para os 94 concellos da provincia.

Hai que ter en conta tamén que este ano foi un ano, digamos, atípico, foi un ano atípico porque houbo que prorrogar o orzamento do ano 2003, aprobamos o orzamento do ano 2004 que está en execución neste momento e hoxe estamos aquí a debater o orzamento do ano 2005 que se a Cámara o considera se lle dará a súa aprobación inicial. Quero destacar aquí o labor que neste orzamento do ano 2005 fixeron os funcionarios da institución provincial, penso que foi, alá desde o mes de xuño que se comezou, foi un orzamento moi participativo, tanto na área política como neste caso na área funcional, con distintos xefes de servizos, xefes de sección, directores de centros, encargados de distintas institucións que forman parte desta Deputación, colaboraron arreo e traballaron continuamente de cara a chegar a esta finalización que hoxe aquí presentamos. No nome do equipo de goberno, o noso agradecemento.

E é importante tamén subliñar a metodoloxía do traballo, esta vez o orzamento partiu de base cero, tentamos facer un orzamento base cero e iniciar un camiño orzamentario distinto por completo aos exercicios anteriores, é dicir, que se vai tentar ver a realidade dos distintos servizos e con iso dar o diagnóstico económico suficiente a base dunha participación que cada vez, sen dúbida, haberá que mellorar e haberá que afondar nela.

E en relación ao calendario, como dixen, desde o mes de xuño e recentemente, o pasado 16 do mes de novembro no que estamos, entregóuselles aos voceiros a documentación orzamentaria xenérica, tívose a Comisión Informativa o pasado 22

tamén do corrente mes, e hoxe estamos aquí a sometelo a consideración das Sras. e Sres. deputados.

O orzamento do ano 2005 ten unha contía global de preto de 162 millóns de euros, e medra algo máis de millón e medio de euros, arredor dun 0,98% de forma porcentual. Posibelmente este crecemento sexa pola falta de compensación necesaria do IAE, que desde aquí seguimos reclamando o equipo de goberno, que se traslade as compensacións necesarias por este imposto que se detrouxo, e tamén se produce unha pequena baixa na apelación ao crédito que debullaremos no seu momento.

Xa no capítulo de ingresos notamos unha novidade clara que é a primeira vez que se produce nas deputacións provinciais e é que coa entrada en vigor da nova participación nos tributos do Estado hai varias novidades. Destacaríamos como primeira a aparición por primeira vez, desde o punto de vista orzamentario, no capítulo de ingresos dos impostos indirectos, pero eu citaríaa tres apartados globais que son os que fan a diferenciación en relación a exercicios pasados.

En primeiro lugar prodúcese a cesión parcial de determinados tributos do Estado, concretamente o imposto sobre o valor engadido, o imposto de rendemento das persoas físicas e os impostos especiais de alcol, cervexa, hidrocarburos e outros; aparece un fondo complementario de financiamento, que non consideramos suficiente e a compensación polas minguas dos ingresos da reforma do imposto de actividades económicas, que tamén consideramos insuficiente.

Este equipo de goberno entende que dentro da reforma e da negociación do pacto local, é necesario ás entidades locais dotalas de economías suficientes para lles dar servizos aos cidadáns, é dicir, que se recibimos unha competencia concreta nun servizo educativo, social, etc., que veña acompañada pola economía correspondente, que non se está a producir neste momento, e que existen uns déficits que analizaremos, sen dúbida, ao longo deste debate. Neste momento está pendente a segunda descentralización no Estado español, e pensamos que o século XXI ten que ser o século dos concellos, a descentralización, as comunidades autónomas, entendemos que están na súa cima e agora vén a súa descentralización aos concellos. Por pór un exemplo, digamos que neste momento a participación do gasto público, cando alá na asemblea da FEMP da Coruña falabamos do utópico 50, 25-25, e que na última asemblea da FEMP se aprobou por unanimidade de todos os grupos na Comisión de Facenda, que a participación nese gasto público fose o 33,33%, está no número 13, que parece o número neste caso un pouquiño gafe, o 13% é neste momento o que recibe do gasto público as entidades locais, sexan concellos, sexan deputacións, cabidos ou consellos e parécenos, indubidabelmente, que a Administración que está máis preto do cidadán necesita un tratamento económico moito máis axeitado. Non é así nas autonomías que participan dun 27% ou da Administración central que está no 60%. Polo tanto, este equipo de goberno aspira a que ese pacto local deixe de ser virtual e pase a ser real, pero real e efectivo, non só nas transferencias, senón nas transferencias acompañadas das economías correspondentes.

Temos que dicir no capítulo de ingresos que a Deputación é unha institución que ten unha clara e nítida dependencia orzamentaria, nunha porcentaxe que se achega ao 88,5%, quedándonos só unha autonomía moi preto do 12% coas taxas, cos ingresos por crédito, o alleamento de investimentos reais ou os ingresos patrimoniais.

Quero destacar tamén nesta primeira intervención a moderada apelación ao crédito que baixa a 8 millóns de euros e que se vai destinar no cen por cento ao Plan de cooperación ás obras e servizos, ao POS, que se fai de forma autónoma polos concellos da provincia.

E neste aspecto quero facer unha parada para falar un pouquiño do endebedamento antes de pasar aos gastos. Penso que hai tres conceptos orzamentarios que debemos de analizar nesta Cámara, e que así o fago no nome do equipo de goberno provincial.

En primeiro lugar, o concepto de débeda viva desta institución que sofre unha baixada do -1,34%, algo máis dun millón de euros, situándose en 101.335.026 € ao termo do exercicio 2005, esa é a previsión de cara ao 2005. En segundo lugar, o concepto de aforro neto, tanto necesario, se é necesario ir ao crédito, que se sitúa de forma positiva en preto de 45 millóns de euros. E en terceiro lugar, a carga financeira anual, que como xa indicaba ao longo da intervención, sitúase no 10,25% e que é a máis baixa dos últimos dez anos.

E xa pasamos ao capítulo de gastos. As Sras. e Sres. deputados teñen no seu poder dúas gráficas, unha de barras e outra un diagrama circular. Neste diagrama de barras, que teñen vostedes ao seu dispor, é un diagrama moi didáctico e moi ilustrativo. Como poden ver aparecen distintos aspectos orzamentarios, que despois analizaremos, até chegar a persoal, tesouraría e outros, pois ben, toda esa parte até o capítulo de persoal, un capítulo importante ao que nos referiremos, supón unha cantidade do 70,59%, é dicir, o equivalente a 113.614.704 €, quere dicir que estamos diante dun orzamento progresista onde de cada 100 euros case 71, digamos 70 e medio, van dirixidos á cidadanía da provincia para investimentos, programas, transferencias aos concellos, etc., o cal quere dicir que estamos no bo camiño orzamentario.

Debullando este diagrama de barras, comezamos en primeiro lugar coa xestión de plans e infraestrutura, o eixe fundamental de toda Corporación provincial, o eixe fundamental que así o marca a Lei 85 de bases de réxime local, onde hai que mirar para os concellos claramente e deixarlle aos propios concellos que sexan eles os autónomos, autonomicamente que xestionen este importante plan que digamos que é o capítulo máis elevado de todo o orzamento e que supón 21.500.000 €; quere dicir que ningún concello da provincia dos 94 concellos que participan do Plan de cooperación ás obras e servizos sofre ningunha mingua, e todos sofren aumentos.

Neste mesmo capítulo de xestión de plans e infraestrutura, como non, destacar tamén a rede viaria local para estradas provinciais, con 1,8 millóns de euros, o Programa Operativo Local para investimentos en infraestruturas por preto de 9 millóns de euros, os proxectos singulares que significan un importe total orzamentario de 1.200.000 euros e, como dicía antes, o principal programa, o Plan de cooperación ás obras e servizos, que indubidabelmente, non digamos que é a xoia da coroa, pero si o programa máis importante que aparece neste orzamento inicial.

Seguidamente, na segunda barra atopámonos co capítulo de educación, cultura e deportes, sen dúbida, un aspecto económico importante e que significa un investimento total de preto de 20 millóns de euros, o que significa o 12,35% deste orzamento inicial, e que vai destinado a promover actividades deportivas e culturais, a música, teatro e cinematografía e a promoción de asociacións de veciños. Pensamos que a colaboración neste aspecto, tanto cos concellos como as distintas entidades sen ánimo de lucro da provincia levan unhas economías importantes e que se desenvolverán como as de promoción económica, como todos os distintos programas a través de bases que aparecerán publicadas no diario da provincia e no momento oportuno.

Merece importancia tamén destacar o capítulo destinado a vías e obras, cunha contía de algo máis de 15 millóns de euros, e que supón o 9,48%, trátase de manter o mellor posíbel e de investir o necesario nos 2.200 quilómetros que comportan a rede provincial. Aquí indubidabelmente hai un esforzo importante de investimento nas estradas provinciais, no Plan VIP, cun total de 6.500.000 euros, que sofre un incremento de medio millón de euros. Tamén é importante o mantemento e conservación de estradas, indubidabelmente eses 2.200 quilómetros de estradas é necesario conservalos, é necesario ter os foxos limpos de silvas, é necesario reparar as fochas das estradas, e é necesario ter a sinalización en orde.

Isto será unha discusión ao longo deste debate, pero sempre os grupos que comportan o goberno estimamos que aínda que é unha consignación económica que figura no capítulo 2, entendemos que debería figurar no capítulo VI de investimentos, estes 6 millóns de euros. Tamén destacar a necesidade de expropiacións que hai, e que vai dotada cun total de 2 millóns.

Para pequenos saneamentos en pequenos núcleos rurais de poboación orzaméntanse 720.000 euros e outras partidas que, aínda que son importantes, son de menor contía.

E seguindo co diagrama de barras, pasamos entón ao aspecto de promoción económica. Digamos que un dos eixes que leva este orzamento é a aposta polo turismo provincial. Os plans estratéxicos que inicia este equipo de goberno en 2004 vanse potenciar e van culminar cun estudo globalizado dos distintos plans de turismo, prestando especial atención ás actividades na zona da Costa da Morte pola desgraza do Prestige, que aínda non está resolto desde o punto de vista socioeconómico e

ambiental. Como non, destacar tamén a achega ao Consorcio provincial de bombeiros, non só para novos investimentos, concretamente no parque de bombeiros das Pontes, senón para o gasto corrente dos seis que están en funcionamento, e que supón unha contía importante para a Deputación, reflexionando, esta vez en voz alta, e que sabemos que aquí hai algo que se debeu corrixir no seu momento cando se fixo este Plan de bombeiros e non meternos nunha dinámica de gasto tan elevada, dado que a Xunta de Galicia ten unhas competencias maiores das economías que achega, aquí tamén incumprimos o pacto local.

Temas de desenvolvemento local e colaboración cos concellos que aparecen en Promoción Económica, consideramos importantes. Consideramos importante colaborar con aqueles concellos onde se están a desenvolver proxectos europeos, ou xestionados directamente coa Unión Europea, coa Administración central ou a Comunidade autónoma, refírome neste caso aos proxectos Leader Plus, Proder e Agader, que distintas fundacións comarcais, ou distintas bisbarras, están a levar a efecto. Para evitar estas diferenzas, este equipo de goberno optou por subvencionar a cada concello que forme parte dun destes programas cunha cantidade de 6.000 euros.

O programa de limpeza de praias, de extinción de incendios forestais, desas cuadrillas que vemos no verán traballando arreo para apagar esa praga de incendios que arrasou o verán pasado, tamén merece especial atención, e ábrese unha pequena partida de 100.000 euros porque consideramos que o tratamento dos incendios forestais debe ser preventivo e non executivo, pasa como a medicina, debemos de tratar que os montes galegos estean limpos, se están limpos, non haberá incendios. Ábrese aí un campo de colaboración onde teremos moito que dicir e que falar coa Comunidade autónoma e coa Consellaría correspondente.

Dentro do patrimonio arquitectónico queremos destacar dúas actuacións importantes, que son o Dolmen de Dombate, que se continúa coa súa recuperación, neste caso orzamentariamente con 1 millón de euros, esperemos que este monumento megalítico, posibelmente un dos máis importantes do noroeste europeo, que estea recuperado debidamente para contemplar e usar escolares, turistas, ou as persoas que alí nos acheguemos. E o Mosteiro de Caaveiro que coa actuación na Casa do Gardián, eliminación dunha liña de alta tensión e a súa musealización, agardamos no exercicio próximo ter as posibilidades de que estea debidamente en marcha, dado que é unha zona, é un edificio singular, un dos máis visitados dentro do patrimonio provincial.

Como non, destacar tamén o tema de servizos sociais. Falabamos nas características da solidariedade provincial, falabamos da necesidade de apoiar aos concellos, a entidades, etc., e falabamos dese apoio aos nosos irmáns do outro lado do mar. Tamén destacar que nesta área se produce unha partida de 550.000 euros para normalización lingüística, seguirase traballando neste tema tanto a nivel institucional, como colaborando cos concellos, e a promoción de políticas de igualdade de xénero. Hoxe vimos de ver a problemática que hai coa violencia doméstica, que

indubidablemente é un dos problemas que ten a sociedade na provincia, en Galicia e en España.

Dentro deste capítulo serían nesta primeira intervención os temas máis destacados, pero indubidablemente non se nos pode esquecer algo importante, o persoal da Deputación. O capítulo de persoal, que supón un 19,18% do orzamento, e algo máis de 30 millóns de euros, supón un incremento do 3,5%; por un lado, 2% no anteproxecto da Lei de orzamentos xerais do Estado, por outro lado un 0,7% como complemento, valla a redundancia, ao complemento de destino, para seguir incrementando, neste caso no 20% as pagas extraordinarias, e despois na negociación colectiva o restante para a reorganización administrativa en trámite e as reclasificacións profesionais coa seguinte distribución económica: 287.700 para persoal funcionario e 99.700 para persoal laboral.

Con todas estas economías no capítulo I trátase de dar cumprimento ás previsións dos acordos acadados e que se alcanzarán nas distintas mesas de negociación cos funcionarios, ou no convenio colectivo co persoal laboral, e así constan especificamente na base 40 do orzamento, estas economías detalladas para acción social, para formación e perfeccionamento, para seguros de vida, para bolsas, para seguros de adquisición de vivenda, para outros gastos sociais e para anticipos reintegrábeis ao persoal activo. Pensa este equipo de goberno que hai que seguir afondando na negociación, tanto cos funcionarios como o persoal laboral, de cara a que o persoal estea debidamente retribuído, como xa está, pero afondar máis nesta situación.

E xa para ir rematando, Sr. presidente, quería facer tres reflexións moi concretas sobre a Tesouraría, sobre os servizos e a modernización e sobre o Plan de recadación, xestión e inspección tributaria, breves reflexións que afondaremos despois no debate.

Na Tesouraría quero destacar a baixa do pagamento dos intereses en relación a este exercicio do ano 2005, baixan un 17,66%, motivado pola renegociación de créditos que se levou a efecto no ano 2004 e que, indubidablemente, está a repercutir nas economías da provincia. En segundo lugar nas amortizacións de capital, que aquí si que non diminúen, aquí medran un 8,13% motivado a que se comeza a pagar un crédito voluminoso, o máis voluminoso economicamente dos últimos anos, por un valor de 14.235.000 euros, que no seu momento os distintos grupos que comportan este goberno fomos críticos e rigorosos e que agora, claro, produce eses anos de carencia e comezamos a facer o seu aboamento. Non nos debemos esquecer, sen dúbida, da importancia de seguir mirando cara Europa, porque somos Europa, pero Europa ten unha serie de fondos e ao principio sinalaba, o programa Proximitas, o programa de sinalización, o programa Equal XXI, que irá referido a buscar novos xacementos de emprego, sobre todo para a muller, e outros programas que seguirán demandando ao longo deste exercicio.

Os servizos de Recadación, Xestión e Inspección Tributaria, que significan un 2%, sofren un incremento considerábel de cara a que estes servizos sexan máis favorábeis, se cabe, para os concellos. Neste momento estanse a facer os servizos de Recadación, cando se presentan as memorias, ou de Xestión, aí está o novo Convenio de xestión catastral que está a dinamizar as economías dos concellos e, como non, están a notar os novos incrementos nas altas catastrais que antes non existían, e outras actuacións na Imprenta provincial que se tentará de modernizar no Polígono de Sabón, que relatalas todas sería un pouco de aburrimento para as Sras. e Sres. deputados.

Sr. presidente, xa remato esta intervención inicial dicindo que temos diante de nós un orzamento que, de cada 100 euros, 70,59 euros van destinados a investimentos, a programas, a actuacións con cartas de transferencias de cara aos concellos ou outras institucións, e que entende este equipo de goberno que é realista, responsábel, austero, solidario, modernizador e que busca o desenvolvemento e o benestar da provincia de forma harmónica, de maneira obxectiva, baseándose na cooperación e na solidariedade, e solicito do Grupo Popular, neste momento na oposición, o seu voto favorábel. Nada máis, de momento, e moitas grazas.

Sra. Cea Vázquez

Despois da intervención completa e detallada do Sr. Lagares, nós tamén queremos comentar e dar a coñecer aos Sres. deputados e deputadas, a valoración que nos merecen estes orzamentos para o ano 2005.

En primeiro lugar, dicir que o proxecto de orzamentos que hoxe se debate aquí fará posíbel que se poñan en práctica políticas que resulten racionalizadoras dos recursos públicos, correctoras dos desequilibrios infraestructurais e dos servizos existentes no ámbito de toda a provincia, e transformadoras, como non, no ámbito social. Neste senso pensamos que o proxecto de orzamentos que se somete a aprobación é a evidencia dunha filosofía innovadora que inclúe propostas e actuacións que marcan unha nova etapa, e que dunha forma moi esquemática queremos pór de relevancia. Unha nova etapa, como digo, desta Deputación, que mañá mesmo cumprirá o seu primeiro ano de vida, xa que foi o 26 de novembro de 2003 cando comezaba a andar un novo goberno formado polo Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego e que, como consecuencia desa coalición, teñen agora presenza nesta Deputación temas, cuestións e problemáticas que en etapas anteriores non se trataban ou non se lles prestaba a debida atención. Unha coalición de goberno pensada para mellorar as condicións de vida das cidadás e cidadáns da provincia, e dar resposta ás súas necesidades. Quero reiterar a firmeza e a solidez do pacto entre as dúas forzas políticas que formamos o goberno desta Deputación e que fai posíbel que en menos dun ano esteamos a debater un novo orzamento, un orzamento xa moi ben explicado polo deputado e responsábel da área de Economía e Facenda, o Sr. Lagares, pero do que nós queremos destacar dez puntos relevantes que claramente diferenzan estas contas doutras correspondentes a anos anteriores.

E en primeiro lugar queremos destacar a importancia que este novo goberno concede á política de igualdade de xénero, que contará para o ano 2005 con 1.200.000 euros. Pensamos que todas as institucións teñen a obriga de traballar por conseguir a igualdade entre homes e mulleres e rematar coa discriminación e coa violencia de xénero, que a todas e a todos nos debe preocupar profundamente.

En segundo lugar destacar a área de normalización lingüística que é unha área que non existía nesta Deputación até o ano pasado, e pensamos igualmente que é fundamental coidar e defender a nosa lingua, unha lingua que está a sufrir un importante retroceso nos últimos anos, especialmente entre a xente nova, e que nós, desde o cargo que representamos, debemos de atender. Se as institucións non actuamos con firmeza neste campo, a nosa lingua corre perigo de desaparecer, e non hai nada máis triste para un país que perder o sinal máis importante e insubstituíbel na definición da súa identidade e singularidade. Por todo o dito, para o ano que vén destinaremos 550.000 euros para axudar a revitalizar a nosa lingua na provincia da Coruña.

Como terceiro aspecto que queremos destacar está o tema dos plans estratéxicos. Dedicáanse por primeira vez, neste ano, por primeira vez 13.500 euros para comezar co Plan estratéxico provincial que nos permitirá coñecer a situación e as principais necesidades de todos os concellos.

Como cuarto punto, destacar tamén o Plan de pequenas depuradoras, é unha novidade máis no presente orzamento, co obxectivo de desenvolver no medio rural unha serie de actuacións de depuración de augas residuais asinouse un convenio coa Universidade da Coruña para o estudo de alternativas e o deseño de dez estacións de depuración de augas residuais en pequenos núcleos de poboación. É importante resaltar que, por primeira vez, aparecerá unha partida de 720.000 euros para este fin.

En quinto lugar destacar tamén que o Plan de Obras e Servizos, o POS, medra medio millón de euros en relación ao ano 2004, e chega así até a cantidade de 21 millóns e medio de euros, e tamén é digna de mención esta área de cooperación e asistencia aos concellos, a novidade da contratación de 6 arquitectos superiores, grazas ao convenio asinado co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, que será un servizo ao dispor daqueles concellos con menor capacidade económica e de xestión para que dispoñan de asesoramento técnico en cuestións como planificación, arquitectura e urbanismo, principalmente.

En sexto lugar destacar as potencialidades turísticas desta provincia. Neste orzamento que estamos a debater hai unha cantidade importante para un Plan de fomento do turismo provincial ao que se destinan algo máis de dous millóns e medio de euros, porque entendemos que o turismo é unha das potencialidades da provincia e debemos de o pór en valor para que sexa unha fonte de recursos, de ingresos e de riqueza, e este novo equipo de goberno sente un gran respecto polo noso patrimonio e por iso destinamos 645.000 euros para o Mosteiro de Caaveiro e un millón de euros para o Dolmen de Dombate. É unha prioridade dos membros do Partido Socialista e do

Bloque Nacionalista Galego realizar dunha vez por todas o proxecto integral de recuperación do Dolmen de Dombate, monumento histórico-artístico desde o ano 1978 e ben de interese cultural.

En sétimo lugar, facer referencia á promoción económica dos sectores primarios: agricultura, gandería e pesca. Non nos podemos esquecer dos sectores fundamentais para a provincia, e por iso aparecen partidas de 800.000 euros para confrarías de pescadores e o fomento do sector pesqueiro en xeral, ou de 572.000 euros para subvencións dirixidas ao sector primario.

Queremos tamén destacar en oitavo lugar que por primeira vez aparece unha partida de 100.000 euros para a protección do medio natural, por primeira vez, a través da cal se promoverá a prevención de incendios forestais, apoiado por suposto cos 640.000 euros máis para a súa extinción.

En noveno lugar queremos destacar tamén os cambios que vai haber no Plan de apoio veciñal. Non queremos pasar por alto os cambios que no ano 2005 vai experimentar este plan, posto que se vai ampliar a todos os concellos da provincia, e non só aos de máis de 50.000 habitantes, tal e como decidiu o Partido Popular no ano 2000. Cremos moi necesaria unha reorientación deste programa, pois consideramos discriminatorio este Plan de apoio veciñal. Tal e como foi concibido, até agora era un plan claramente aldraxante para o movemento asociativo do resto dos concellos da provincia, foi un programa do Partido Popular pensado exclusivamente para tres concellos, Santiago de Compostela, Ferrol e A Coruña, do que quedaron excluídos os restantes 91. Agora é intención deste equipo de goberno rematar con isto e abrir este plan a todo o tecido veciñal da provincia, queremos que participen e que se beneficie deste plan toda a provincia, e así será no ano 2005 para o cal destinaremos un total de 475.000 euros.

E como último que queremos destacar é o tema da emigración ao que xa fixo referencia o Sr. Lagares, e deixo para o final este tema, que non por iso é menos importante que os demais, senón todo o contrario. Os puntos anteriores aos que fixen referencia tiñan que ver con accións encamiñadas a mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas dos 94 concellos desta provincia, pero non sería xusto esquecernos de todos aqueles veciños e veciñas, galegos e galegas coma nós, que están na emigración. Na recente viaxe a América dos tres grupos desta Corporación aprendemos que a nosa provincia ten 95 concellos, 94 aquí e un máis formado por toda a diáspora coruñesa, que vive tan lonxe da súa terra, por iso temos a obriga de telos presentes e apoialos nas súas necesidades que, desgraciadamente, na maioría dos casos son moitas. Por este motivo neste orzamento mantéñense os programas de solidariedade en comunidades galegas do exterior, e quero destacar neste punto, neste último punto, que esta Deputación foi pioneira en axudar á creación do Museo da Emigración, que vai ter a súa sede en Bos Aires, e para o que xa destinamos neste ano 2004 os primeiros 36.000 euros. Sabemos que non é competencia desta Deputación, nin unha obriga desta provincia apoiar un Museo da Emigración, pero quixemos ser os primeiros en dar o

paso para que sexa realidade ese importante proxecto. Esperamos que as outras tres deputacións sigan o exemplo da coruñesa e que, por suposto, a Xunta de Galicia faga o mesmo. Están ben as boas palabras e as boas intencións, pero o que contan son os feitos, e para que haxa feitos ten que haber partidas económicas destinadas a ese fin.

E iso é o importante deste orzamento, xa que contén moitos proxectos, moitas iniciativas innovadoras, con partidas económicas para as facer realidade, un orzamento que dos 161 millóns de euros contemplados destina algo máis de 113 a investimentos. Pensamos que o camiño iniciado en 2004 reafírmase neste orzamento nas liñas diferenciadoras de políticas anteriores, das que destacamos até agora os dez aspectos que veño de enumerar.

A rapidez na elaboración deste orzamento fará posíbel que entre xa en vigor o 1 de xaneiro de 2005, e isto é unha mostra clara de que as dúas formacións políticas que conforman o goberno desta Deputación están plenamente dedicadas ao traballo que se lles encomendou, e que hai unha clara vontade por ambas as dúas partes de atender os intereses da provincia.

Desexar xa para acabar que estes orzamentos teñan o apoio dos tres grupos, pois son orzamentos integradores e nada excluíntes. Tamén reiteramos, unha vez máis, os nosos parabéns e agradecemento aos moitos traballadores e traballadoras desta casa, que fixeron posíbel que a día de hoxe esteamos a debater os orzamentos de 2005 e que sexa unha realidade. Moitas grazas, xa que logo, a todo o persoal implicado directamente na súa elaboración. Temos agora un ano para transformar as diferentes partidas económicas deste orzamento en proxectos, en feitos, en obras, que axuden a mellorar a vida nos concellos da nosa provincia. Por parte do equipo de goberno actual non nos vai faltar ilusión, ánimo, ganas, esforzo e dedicación para tan importante tarefa. Moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Oindo a intervención do Sr. Lagares e da voceira do BNG, non sabía se estabamos a falar dos orzamentos actuais da Deputación para o ano 2005, ou doutros orzamentos, a verdade é que quedei un pouco descolocado, por utilizar un termo que tentarei xustificar ao longo da miña intervención.

Quero sinalar en primeiro lugar, unha análise concreta dos orzamentos, dado que nós non queremos utilizar palabras máis ou menos bonitas, senón en definitiva partir da realidade dos datos, dos números, do que realmente é o orzamento da Deputación para este ano, quero referirme en primeiro lugar a unha consideración do Sr. Lagares, de carácter concreto, cando dicía que o incremento do orzamento do 0,98% era debido, fundamentalmente, ou tiña como consecuencia, a limitación dos ingresos provinciais como consecuencia do IAE, especialmente. De verdade que a

forma esta de presentar as cousas produce unha certa perplexidade, porque en ningún momento o Sr. Lagares se refería a un dato que está a presionar sobre o orzamento 2005, que é que vostedes, no orzamento 2004 meteron 13 mensualidades da achega de ingresos do Estado, 13, con oito millóns e pico de euros, e claro, cando chega o ano 2005 e teñen que orzamentar 12, porque non se atreven agora a orzamentar 13, porque xa non hai ningunha razón que xustifique isto, claro está, a comparación cos orzamentos do 2004, rinchan, pero son 8 millóns de euros que vostedes inflaron no orzamento do 2005, con base a que a recadación da participación do imposto do Estado no mes de decembro, cobrouse en xaneiro, e aproveitaron esa oportunidade para presentar o seu primeiro orzamento como un orzamento expansivo, e agora pagan, claro, agora teñen un orzamento de 12 mensualidades, porque por suposto, a Intervención da Deputación, como é natural, non permitiría en ningún caso que se cambiase o criterio de contabilización, independentemente de que se cobre ou non, porque obviamente a participación de ingresos do Estado do mes de decembro, non se cobrou aínda, calquera que sexa o mes en que se cobre, váiselle imputar a este ano, porque é o lóxico, é o que hai que facer. Aí está a diferenza.

De verdade que se comparásemos os ingresos relativos ao IAE e a participación en ingresos de Estado, máis a cesión de recadación dos impostos estatais a que se referiu vostede, veremos que este ano se incrementan sobre o orzamento de 2003, último orzamento do goberno provincial do Partido Popular, e ao que me referirei moi abundantemente neste Pleno, porque si me interesa, como dicía a voceira do BNG, resaltar as diferenzas entre o orzamento do goberno provincial do PP e o orzamento do goberno provincial desta coalición, si que me interesa a min resaltalas, e aí veremos onde están as propostas innovadoras, e as melloras e a modernización, se estaba antes, ou está agora.

Se seguísemos no sistema anterior do IAE, e utilizásemos os mesmos criterios que se utilizaban en canto aos incrementos dos ingresos estatais, incrementaríase a participación, partindo de 2003, nos mesmos termos que o PIB e o prezo do mercado, que é arredor do 3% anual e que contradí coa situación actual, e así vemos que no ano 2003 a participación nos ingresos do Estado era de 106.142.490 euros, a recadación do IAE 6.429.275, e en total 112.571.775. E no ano 2005, por este concepto, este conxunto de conceptos, temos participación nos ingresos do Estado, 100.212.000 euros, recadación por todos os conceptos do IAE, 6.661.350, e cesión de recadación dos impostos totais, que mencionaba vostede, 20.731.000 euros. É dicir, no ano 2003 recadabamos 112.571.000 euros, e agora imos recadar 127.604.000 euros, un 13,36%, e anualizado un 6,68%. Esta é a realidade, iso non quere dicir que non reclamemos como todos máis ingresos, e que o Estado nos dea máis participación, e que a Comunidade autónoma poña en marcha o pacto local, pero vostede tiña que dicir a verdade, vostede tiña unha amnesia temporal esquecéndose dos oito millóns e pico de euros que meteron vostedes de máis no orzamento de 2004. Home, cando se presenta rigorosamente un orzamento, esquecerse de oito millóns e pico de euros é, por suposto, preocupante, altamente preocupante.

Imos agora analizar, fundamentalmente, o orzamento de gastos e, como lle dicía, partindo da análise do último orzamento do goberno provincial, aí imos ver unha análise de estratexia, de racionalidade orzamentaria, de austeridade, da misión da Deputación, do papel que deben ter os gastos correntes nun orzamento e, en definitiva, da liña económica que está a seguir o actual equipo de goberno; imos ver algúns datos.

Os gastos correntes, capítulo II, medran en relación co ano 2003, un 44,05%; os gastos correntes en relación, -parecíame ver un sorriso no Sr. Lagares, os números non sorrín Sr. Lagares-, os gastos correntes en relación ao ano 2003 medran un 44,5%, en relación ao ano 2004, soamente un 4,71%, pero o último orzamento do Partido Popular, vostedes incrementaron os gastos correntes nun 44%, de verdade que esa é unha política de austeridade orzamentaria, política innovadora, unha política que vai mirando aos intereses xerais dos concellos, unha política de concello de concellos, que é a Deputación, aí non está.

No capítulo I, porén, ten un crecemento moderado, medra un 3,87% en relación ao 2004 e un 6,85% en relación a 2003, xa que logo, un incremento absolutamente razoábel dentro dos límites e das normas xerais que debe levar un orzamento de gastos de persoal dunha Administración pública. Non obstante, hai unha partida que politicamente ten unha especial relevancia, non cuantitativamente, pero si politicamente, que é relativa ao réxime de retribucións e indemnizacións aos membros da Corporación provincial.

No Pleno do 30 de xaneiro do ano pasado aprobouse un novo réxime de dedicacións exclusivas que trouxo consigo que se cubrisen 12 prazas de deputados con dedicación exclusiva, das que correspondían, unha a un deputado do grupo popular, do grupo da oposición, e once aos grupos que compoñen o goberno. Neste Pleno, e vostede lembrarao, xa manifestamos a nosa desconformidade con esta formulación, tendo en conta que non soamente se incrementaba dunha maneira substancial o número de deputados con dedicación exclusiva, senón que ademais se pasaba dunha situación que era a seguinte: había na Corporación do Partido Popular, no goberno do Partido Popular, un presidente, dous deputados do grupo de goberno, un co nivel 28 e outro co nivel 27, e dous deputados do grupo da oposición con nivel 24, e pasouse ao seguinte: un presidente, sete deputados do grupo de goberno co nivel 30, dous deputados do grupo de goberno con nivel 28, un deputado de goberno con nivel 24 e un deputado da oposición con nivel 28.

Tamén vemos que esta situación aínda se empeora máis coa proposta que figura nun punto da orde do día deste Pleno, un punto posterior, de variar o nivel retributivo dos voceiros, pero que afecta exclusivamente á voceira do BNG, que pasa do nivel 24 ao nivel 28, o que supón un incremento de 18.000 euros anuais. De verdade, e isto enlázoo co que dicían vostedes anteriormente, pareceume entender, nunha última intervención, que a dedicación dos deputados do grupo de goberno permitía que se presentasen os orzamentos en prazo, dicía a Sra. voceira do BNG, e que iso demostraba o seu traballo, pois mire, Sra. voceira, antes presentábanse en prazo e non tínhamos esas

dedicacións, debe ser que os do Partido Popular traballamos máis sen cobrar, é certo. Todos os orzamentos do Partido Popular presentáronse en prazo, e non tiñamos tantos deputados con dedicación exclusiva, por favor, hai que medir o que se di, e hai que ver que os números son moi teimudos, e esta situación vostedes deberían de tela en conta, non parece que en vez de ter un grupo político enfronte, pensaran que tiñan unha parede que non se decataba de nada, pois si que nos decatamos do que está a pasar. Polo tanto, creo que é moi bo que vostedes, cando fagan as súas declaracións, teñan en conta todos os datos, todos os elementos que haxa que considerar.

E isto ten unhas consecuencias económicas, no exercicio de 2003 a compensación dos deputados, é dicir, a retribución, indemnizacións, por utilizar un termo, as retribucións eran 254.867 euros, e no ano 2004, nas prazas cubertas efectivamente, 705.716 euros, é dicir, que se incrementa en 450.000 euros, máis do dobre, o que é o custo de retribucións dos señores deputados que teñen indemnizacións relativas ás dedicacións.

Este aspecto, que xa digo que cuantitativamente non ten unha transcendencia especial, si a ten desde o punto de vista político, e desde o punto de vista de imaxe desta Corporación, e suxírolle que o teñan en conta e que, por suposto, cando comparen, comparen, non en contra súa, senón que busquen comparacións máis afortunadas que as que utilizaron.

Seguindo no capítulo II, as transferencias correntes soben en relación a 2004 nun 16,19%, e respecto a 2003 nun 35,76%, grazas tamén dentro do capítulo de gastos correntes, que a baixa dos intereses, nunha parte pola baixa do tipo de interese, e na outra pola negociación, si efectivamente correcta, de refinanciamento, permite que o capítulo global, todo o concepto de operacións correntes non sufra desa maneira tan desaforada como comentabamos anteriormente.

A pesar desa redución de tipos de interese, as operacións correntes en relación a 2003 soben un 22,5%. Imos ver que hai por detrás disto, que é o que realmente temos aquí. Hai algúns gastos en operacións correntes que a nós nos parece absolutamente correcto o incremento: o sistema de xestión municipal para os concellos da provincia; a asistencia para o mantemento de actas catastrais; os contratos de asistencia técnica ao Servizo de Informática, en definitiva son actuacións adecuadas e correctas, pero non obstante hai outras partidas que nos parecen escandalosamente incrementadas, por exemplo, publicidade e propaganda na que parece que vostedes son auténticos especialistas, sobe neste exercicio un 33,33%, pero respecto a ese proxecto dese orzamento que vostedes descualifican do Partido Popular, e que vostedes son agora innovadores, sobe a publicidade e propaganda sobre o 2003 nun 187%, isto chámase ser innovador, publicidade e propaganda sóbese un 187%, pasa de 278.000 euros en 2003 a 800.000 euros en 2005, isto é o que realmente innovan vostedes, publicidade e propaganda.

E despois, no tema de turismo, nós cremos que vostedes están a incidir moito en estudos e pouco en apoio ao turismo dos concellos. Había un programa de turismo, de apoio, moi importante, moi serio, e agora, fundamentalmente, están vostedes facendo estudos turísticos da provincia. Agardemos que iso se transforme en plans operativos, de momento os concellos sobre este tema non teñen máis que lamentar a ausencia dos programas do goberno do Partido Popular.

Si é certo que incrementaron sobre o 2003 o Programa de conservación de estradas, que iso está no capítulo II, podía estar no capítulo VI, pode incidir, eran 4.400.000 euros no ano 2003 e pasaron en 2004 a 6.000.000 e mantense a cifra de 6.000.000 de euros, é dicir, vostedes neste sentido subiron 6.000.000 de euros esta partida, que nos parece absolutamente correcto, necesario e conveniente.

Tamén hai conceptos que nos parecen, a pesar da carga que representa para a Deputación, que axudan aos veciños da nosa provincia e aos concellos, como os do Consorcio provincial contra incendios e salvamento, que se incrementou adecuadamente. Porén, hai unha liña política que a nós nos causa unha especial preocupación: se a modernización, a innovación, a diferenza co Partido Popular está na política de subvencións, subvencións nominativas, vaia por Deus!, porque vostedes parece que son case especialmente adeptos, eu diría que están engaiolados polas subvencións nominativas. No ano 2003 había 35 subvencións nominativas por un importe de 2,7 millóns de euros; no ano 2005, 68 subvencións nominativas, cun importe de 5,3 millóns de euros, é dicir, incrementaron de 2003 as subvencións nominativas nun 92% na contía, e no número delas un 94%, a pesar de que a Lei xeral de subvencións do ano 2004 é moito máis restritiva que a normativa anterior, no que se refire a subvencións nominativas. Realmente na nova lei pretende, precisamente, pór límites na maior medida do posíbel a que se outorguen subvencións sen os requirimentos de publicidade, concorrencia e obxectividade, e por iso é aínda máis rechamante a política de vostedes neste sentido con ese incremento a tantos niveis das subvencións nominativas.

Eu podo sinalar algunhas cousas que me parece que, dentro dese colectivo, teñen unha especial relevancia, non pola súa contía, senón polo que representan como nova filosofía. O Concello de Ferrol, para abaixo, desaparece, a Fundación Ferrol-Metrópole, tamén desaparece, non sei por que; iso si, como é natural, ten que desaparecer o Arcebispado de Santiago de Compostela, só faltaba que vostedes fosen axudar ao Arcebispado de Santiago de Compostela, por favor.

Pero hai novas subvencións e dentro das partidas novas prodúcese un feito extraordinario que require unha especial atención, unha é para un concello do PP e dez para concellos do PSOE e BNG, esas son as novas subvencións que aparecen, milagre!, o Partido Popular, que ten preto do 60% dos concellos da provincia, entra unha subvención nova, e os concellos que están gobernados polo PSOE e o BNG entran con 10 partidas novas de subvención: Concello de Arzúa, Concello das Pontes de García Rodríguez, con dous, Concello de Culleredo, Concello de Camariñas, Concello de

Santiago de Compostela con catro, e Concello de Porto do Son, único do Partido Popular, e Concello de Melide. E despois algunhas sofren modificacións tamén significativas: por exemplo o Concello de Ortigueira, no Festival do Mundo Celta, que tiña no ano 2003, 210.000 euros, pasa a 100.000, mal está o Festival do Mundo Celta, parece que está, -estou a mirar ao alcalde de Ortigueira neste momento-, parece que está en baixa, non o entendín así cando vín as referencias do Festival deste ano, que todo o mundo falou moi ben del e tivo unha resonancia en todos os medios extraordinaria, pero parece ser que desde a Deputación, do goberno actual, o Festival de Ortigueira está en baixa. Ou a pobre Fundación Federico Maciñeira, que lle quitan 20.000 euros, pasa de 120.000 a 100.000, ou a Fundación Museo de Artes de Gravado que, claro, como está en Ribeira, baixa de 60.000 a 40.000, ou a Fundación, neste caso non é unha Fundación, eu quero destacar que aínda que me pareza ben que a Deputación teña unha atención especial á Orquestra Sinfónica de Galicia, creo que se pasaron un pouquiño, porque de 780.000 euros, que tiñan no ano 2003, pasan a un 1.600.000, cando me están a falar de programas novos, con 100.000 euros, con 200.000, con 300.000 euros, e formúlanos como a nova filosofía da Deputación, fronte ao escuro goberno do Partido Popular, esta palabra de escuro dígoa eu, pero entendíase perfectamente, entendíase perfectamente na súa intervención. Resulta que á Orquestra Sinfónica se lle incrementan oitocentos mil euros e pico, vale?, moi ben.

Quero lembrar, para que non se crea que eu son o único que opina desta maneira sobre as subvencións nominativas, o informe da Intervención xeral da Deputación, que sinala no informe do interventor xeral, concretamente vou ler literalmente, di: “Se ben o artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións, prevé a posibilidade de outorgar subvencións nominativas, debe lembrarse que os principios xerais son os de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, e só razóns extraordinarias de interese público que deben enumerarse expresamente, poden xustificar a súa excepción”, sinala despois a subvencións destinadas a concellos, a entidades públicas ou privadas, e en relación aos concellos di algo que, claro, é que creo que todos deberíamos de ter en conta: “Débese reiterar que a forma normal de cooperación provincial ás obras e servizos municipais é a de plans provinciais”, obviamente. E en relación a entidades sen ánimo de lucro, quere lembrar que “...só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente de acordo ás normas de aplicación, pode excepcionarse a xeral aplicación de tales principios. Tal motivación débese incorporar aos expedientes que se tramiten, con carácter previo á adopción de calquera compromiso provincial, como requirimento previo para a súa válida adopción”. Miraremos especialmente estes temas, porque por suposto parécenos absolutamente anormal que, como subvencións novas, de 11 partidas novas, 10 sexan a concellos PSOE-BNG e 1 a concellos do PP. A obxectividade, a publicidade e concorrencia, por suposto, e a equidade están paréceme que aí bastante ausentes.

En definitiva, os gastos de funcionamento, capítulo II, que como dicía anteriormente, subiron un 44%, en cifras absolutas incrementamos os gastos de funcionamento da Deputación en 9,3 millóns de euros, pasou de representar o 30,45%

do total de operacións correntes ao 35,81%, pero co dato que me quedo e que me preocupa especialmente é que neste capítulo de gastos de funcionamento, subamos 9,3 millóns de euros, non 100.000, non 200.000, non 500.000, non cifras pequiñas para presentar programas novos, 9,3 millóns de euros en gastos de funcionamento da Deputación, iso si que é unha cifra altamente significativa e preocupante.

E as transferencias correntes, como consecuencia da rebaixa dos tipos de interese, si se incrementan só en 5,7 millóns de euros, 5.694.856.

Tendo en conta o que dicía anteriormente, gastos correntes e transferencias, os 9,3 máis os 5,6, temos que transferencias correntes e gastos do capítulo II, é dicir, entre o IV e o II soben 15 millóns de euros, a suma do capítulo IV e o capítulo II, operacións correntes e transferencias correntes, soben neste orzamento 15 millóns de euros. E que vemos agora?, vemos que os ingresos correntes soben 13,8 millóns de euros e, polo tanto, a análise que nos resulta é que hai un concepto que mencionou o Sr. Lagares moi de pasada que é o aforro orzamentario. O aforro orzamentario é a diferenza entre ingresos e gastos correntes, o que as administracións deben dedicar a investimento, que está a pasar?, que o aforro bruto, a diferenza entre ingresos e gastos correntes, que no ano 2002 representaba o 40% do orzamento; no ano 2003, no último ano do Partido Popular era o 38,7%; no ano 2004 pasa ao 36,36%; e no ano 2005 a 33,42%. Quere dicir que teremos, polo tanto, unha redución fundamental do aforro bruto, é dicir, da capacidade da Deputación, son números, eu cando vexo que cando falo de números con xestos, exprésanse xestos de preocupación, están aí para consultar. Isto implica que estamos a diminuír a capacidade da Deputación para facer fronte á súa obriga principal, que é atender aos concellos, e gastamos en operacións correntes moito máis e temos moito menos diñeiro para investimento, e ímolo ver agora, como é natural, se gastamos máis en actuacións dese tipo, veremos que, efectivamente, ten unha consecuencia directa sobre operacións de capital. En concreto, no capítulo VI, investimentos reais, baixa en relación ao ano 2004 en máis de 4 millóns de euros, baixa un 11,96%, e iso que xa non hai nada para o Teatro Colón, que o Centro das Artes baixa en investimentos, que en parques de bombeiros tamén se reduciron os investimentos por completarse os programas correspondentes.

Se consideramos estas partidas e as poñemos ao mesmo nivel que tiña o anterior, a rebaixa sería, non de 4, senón de 10 millóns de euros. Si soben as subvencións de capital 300.000 euros, un 1,33%, a suma dos capítulos VI e VII dinos que no ano 2003, é dicir, os investimentos e as transferencias de capital, que son a razón de ser da Deputación, representaban 67 millóns de euros no ano 2003, 67,1%, 67,2% no ano 2004, pero no ano 2005, neste ano, en que se incrementan tanto os gastos correntes, queda en 63,4%, é dicir, redúcense os investimentos a transferencias de capital globalmente en 4 millóns de euros, ou 3,7 para ser exactos, redúcense en definitiva nun 5,78% cando o orzamento total sobe un 9,6%, sobe 14,8 millóns de euros, é dicir, redúcense en 3,7 millóns de euros o que é o sentido fundamental da actividade da Deputación e incrementanse os orzamentos totais, non obstante, en 14,8 millóns de euros. Eses son os orzamentos modernizadores, austeros, innovadores,

ilusionantes, non sei que outros termos podemos utilizar da Deputación, non sei, aquí neste Pleno poderemos dicir o que queiramos, os concellos, por suposto, non sei o que opinarán, case o adiviño. En definitiva, isto determina que o peso relativo dos capítulos VI e VII, baixe dun 45% do orzamento total a un 39% do orzamento deste ano.

Se facemos unha análise do orzamento de programas tamén queremos algún comentario, que vemos?, que en música, teatro e cinematografía incrementáanse os créditos nun 135,74%, pasan de 1.760 millóns de euros a 4.149. Promoción de actividades culturais, incrementábase nun cen por cento, pasa de 2.430 millóns a 4.878; promoción de actividades deportivas, incrementábase nun 62%, de 3.455 a 5.620. Non obstante, equipamento e instalacións de carácter deportivo, baixan de 6.233 millóns a 2.884, menos deporte e máis cultura, parece ser o lema deste goberno, ben, home, castigalo tanto non parece que sexa isto unha política innovadora, ben, si é innovadora, pero non no sentido que parecía que lle querían dar vostedes.

En protección do medio natural, no Programa de protección do medio natural, pasa de 1.084 millóns a 184, baixan o 83% o programa, entón cando vostedes falaban de protección do medio natural, non sei de que falaban, por suposto, no orzamento por programas é de vostedes, alá vostedes que expliquen a súa atención especial ao medio natural.

En asociacións de veciños, como era natural, xa o sabemos, baixan de 2.733 a 975; centro xuvenís, tiña 1.000.000 e non ten nada; e protección civil, si me preocupa especialmente, baixa de 1.096 a 651.

Cales son os programas estrela da Deputación?, estradas, se sumamos as estradas provinciais e o programa que existía no ano 2003 de seis millóns de euros para apoio aos camiños municipais, que era un programa, si que era estrela, porque era un programa vital para moitos concellos, dedicáronse 13.533 millóns en estradas provinciais e seis millóns a apoio a concellos para estradas municipais, en total, 19.535. No ano 2005, 17.225, baixa un 11,83%, a atención ás estradas que é unha necesidade primaria, baixa un 11,83%.

E o programa POL sobe un 17,94%, pasa de 7.480 a 8.822 e o programa POS de 20.000 a 21.500. Pero quero resaltar que no POL e no POS, o POL sobe 1.400 millóns, o POS 1.500, 3.000 millóns, nos dous programas estrela, de verdade, da Deputación, mentres que os gastos correntes subiron 15 millóns, ese é o equilibrio que vostedes dan, soben os gastos correntes en 15 millóns, capítulo II e capítulo IV, e o POL e o POS soben en total 3.000 millóns. E en estradas baixan 2,3 millóns, practicamente a cero, estradas, POL e POS a cero, iso si, gastos correntes, 15 millóns de euros. Esa é a política ilusionante, innovadora, austera, que máis?, xa non me lembro.

Despois hai unha serie de programas suprimidos que a min non me merecen xa unha atención especial, si me gustaría que, aínda que supoño que haberá algún programa que está en colaboración coa Universidade da Coruña, mencionouse nas intervencións anteriores, porén desapareceu o epígrafe dentro dos conceptos, entre os programas penso que sería bo ter algún en relación á Universidade da Coruña, e tamén, porque foi o apoio a determinadas actuacións investidoras, que tamén se mantivo coa Universidade de Santiago, as dúas universidades penso que merecerían algunha atención da Deputación, porque estou seguro que a súa situación actual requiriría que nós lles prestásemos atención, non figurar nada en relación a estas dúas universidades no que eran as súas actuacións.

Nós, de verdade, queredamos que houbera programas como o de turismo e natureza e os de travesías, que tan importantes foron para moitos concellos, e que o programa de saneamento non estivese reducido a unha cifra simbólica, que non chega a 1.000.000 de euros, que realmente non ten nada que ver coas necesidades da provincia, iso si que sería necesario e conveniente.

Resumindo, sinceramente, estamos moi orgullosos dos programas e dos orzamentos do Partido Popular, comparados cos de vostedes non teñen cor, e sentímonos especialmente satisfeitos de como o Partido Popular gobernou a Deputación, espero que algún día vostedes aprendan. Como é natural, o noso voto vai ser negativo.

Sr. Lagares Pérez

Tratarei de ser o máis breve posíbel. Ao inicio do Pleno xa entreguei un documentíño para que vostedes mirasen os papeis ben, e vexo que na intervención do Sr. Rodríguez teño que comezar como o Pleno dos orzamentos do 2004, lembrándolle un refrán que tiñan os monxes, “ora et labora”, aquí o “labora” falla sensibelmente, porque nos deu unha lección de números, e dixo cada desatino, dixo despropósitos, por exemplo, voulle dicir unha parvada que dixo, dixo: “Até lle sacan a subvención ao Arcebispado!”, mire, non é certo, mantense en 60.200 euros, que é para catalogación e traslado de arquivos parroquiais. Eu non sei se vostede iría a un trasfondo político distinto, pero por favor, cando se dá un dato, hai que ser rigorosos, non é certo que o gasto corrente medre esa cifra que dixo vostede, ou vostede non fai caso dos informes dos técnicos, ou concretamente o gasto corrente medra o 4,71%. Polo tanto, máis “labora” e menos lería.

Pero antes de nada, e antes de contestar, que serei o máis breve posíbel, primeiro quero agradecer a intervención da voceira do grupo nacionalista, agradezo e compartimos, evidentemente, un proxecto ilusionante, solidario e novidoso, e que vai incidir nos cidadáns da provincia, pese a que o Grupo Popular non o pense así, e agradézolle a súa intervención, así como agradezo a intervención do Sr. Rodríguez, unha cousa é respectar a opinión e outra cousa non compartilas, xa pode vostede corrixir o do Arcebispado na súa intervención seguinte.

(Abandona o salón o Sr. Campo Fernández).

Pero agora vou comezar a falarlle xa seriamente, voulle dicir un refrán galego, vou comezar cun refrán galego que é un pouco longo, e que vostede practicou pero ben, porque se fixou fundamentalmente nunhas cousas que se vén fixando en todo o ano 2004: “Unha vella fixo papas e o pote botoullas fóra, hai cen anos que foi isto e aínda hoxe a vella chora”. Refirome a esa mensualidade da que vostede falou constantemente e seguiu falando, pediulle informes a Intervención na casa, non lle fixo caso a eses informes, pediulle un informe á Intervención do Estado, e a Intervención do Estado contestoulle que non tiña razón, e vostede volve sacarnos iso, pois mire, que non lle vaia pasar como á vella, porque pasaron cen anos e aínda hoxe chora, fíxese que afastada e que idade tiña a boa da señora. Sobre isto non lle contesto máis veces, porque á parte é un elemento a debater na conta xeral, e na conta xeral non ocorre o mesmo, e o Partido Popular votou favorabelmente, quérolle lembrar este concepto, que son importantes, porque moitas veces esquecémonos das cousas e é importante matizar.

Falaba vostede da estética, que as palabras bonitas, a estética é moi necesaria, só a bondade e a beleza posibelmente poidan cambiar este mundo, Sr. Rodríguez, é moi necesaria a estética, moi necesaria. E aquí non se inflou nada, din que se inflou o orzamento, evidentemente sabemos que no exercicio 2004 houbo un desprazamento orzamentario, e en lugar de 11 mensuralidades houbo 13, pero ben, iso está debidamente aclarado, por que volvemos incidir sobre o mesmo?, por que non se nos di que o sistema anterior do IAE era peor orzamentariamente que o actual se o IAE aínda está sen compensar debidamente?, vostedes cometeron un erro cando suprimiron o IAE, cometeron un erro, pero non é o que o diga eu aquí nesta Cámara, é que está recoñecido até polos seus propios economistas, polos economistas do Partido Popular, como tentamos suprimir un imposto sen buscar unhas bases económicas reais para volver a achegar eses ingresos ás institucións?, é que vostede non se enteira do que está a demandar a FEMP e o que está a demandar a FEGAMP?, fáleme de pacto local?. Mire, voulle dar uns datos para que os teña moi en conta en relación ao pacto local.

(Abandona o salón o Sr. Pose Miñones).

O pacto local, esperamos e desexamos todos os municipalistas que sexa real, pero mire a actuación da Comunidade autónoma coa Deputación da Coruña en materias competenciais e concretas da Comunidade autónoma, das Consellarías correspondentes, aténdame, aténdame ben que isto si que é a descentralización, aténdame ben. Colexio Calvo Sotelo, ingresos procedentes da Xunta de Galicia, un centro educativo: 107.000 euros; gastos no Colexio Calvo Sotelo: 3.057.514 euros. Instituto de Ensino Secundario Puga Ramón, ingresos da Xunta de Galicia: 460.000 euros; gastos: 1.600.000 euros, digo, redondeo. Onde está esa colaboración que teñen que ter as administracións?, onde está esa descentralización?, onde está niso de cumprir coas competencias concretas específicas, que fixeron vostedes nos últimos oito anos de goberno en materia educativa de negociación coa Xunta de Galicia? Mire o que

desfixeron, desfixeron que aquí hai 4.000.000 de euros que deberían de pasar aos concellos, aos concellos, que son os destinatarios, e o goberno amigo da Xunta de Galicia condénanos a darnos un total co Plan de dinamización da Costa da Morte, sabe canto recibimos da Xunta?, 1.034.500 euros, que supón o 0,64% do orzamento. Eu, en relación a estes datos que son contundentes, creo que a réplica xa non é necesaria, pero mire, para máis datos, o tema de servizos sociais, da solidariedade, que é unha das palabras que se usa moito e a aplicamos pouco, sobre todo a Xunta de Galicia, ingresos por servizos sociais, 0 euros, iso é o pacto local, iso é a descentralización, e esa é a gran defensa que neste momento podemos dicir e que vostede me falaba indubidabelmente ao longo da súa intervención.

En relación ao que me dicía do gasto corrente, por favor, pídolle que lea atentamente os números porque se non, eu penso que, ou se equivocan aquí os papeis, ou recibe papeis equivocados. O gasto corrente medra un +4,71%, voulle dicir algúns conceptos que van no gasto corrente, Sr. Rodríguez, concretamente este deputado estívose xuntando desde o mes de xuño con moitos funcionarios desta casa, e unha das cousas que tratamos é de minorar ese gasto, por certo, vostedes xa nos deixan un gasto 8.500.000 de euros, unha gran parte para gasto corrente, que deixaron adxudicadas, como é lóxico, claramente, deixáronas adxudicadas, perfectamente, a limpeza, a seguridade, a asistencia técnica, si, si, si, indubidabelmente os contratos acaban no ano 2006, parece que vostede non estivo aquí nos últimos catro anos, pero mire, voulle ir dicindo no capítulo II cousas que van, cousas que van e que vostede posibelmente queira suprimir.

Comezamos coa primeira teima, a primeira teima era ese ingreso a maiores, está explicado; a segunda teima, o gasto corrente, pois mire vostede, mire vostede o gasto corrente. Mantemento do Plan informático: 686.000 euros, -todo isto no capítulo II-; conservación de vías provinciais: 6.000.000 de euros; xestión e cooperación tributaria: 1.230.000 euros, que isto asinámolos e acordámolos os grupos nesta Cámara, o que pasa que claro, como vostede ve números e saca aquí e non se enteira de que vai, non se enteira de que vai, sinceramente, 1.231.000 euros; políticas de igualdade de xénero, gábana por un lado e critican a partida orzamentaria polo outro: 471.000 euros, noutros capítulos van outras economías; normalización lingüística: 100.000 euros; música, teatro e cinematografía, esas son as actividades que fai a Deputación cos concellos da provincia, non é outra cousa., sabe?, son esas películas de cine que botan nunha praza en Boqueixón, en Betanzos ou en Cariño; actividades deportivas; en planificación e control; descualifica por completo o capítulo II, vostede non ten un concepto claro do que é o capítulo II, todos estes conceptos significan case 14 millóns de euros, preto de 14 millóns de euros. Teño que dicir que os funcionarios desta casa traballaron arreo colaborando cos políticos para manter o gasto corrente, e desde aquí, de novo, o agradecemento do equipo de goberno, e por suposto, di partidas escandalosas publicidade e propaganda, partidas escandalosas, pero, vostede sabe distinguir o que é publicidade e propaganda normal e a institucional?, vostede sabe que a publicidade, a cobertura informática que vostedes tiñan no ano 2003 en 755.000 euros, mantense no 2004 e mantense no 2005?, escoite, pero esta institución pon anuncios, sabe?, para

cando ten que haber licitacións, porque queremos que as licitacións sexan claras, nidas e transparentes, e son 800.000 euros, por certo, o ano pasado non é a cantidade que deu vostede, mírea ben, eran 600.000, e pasaron a 800.000. Eu estas cifras xa as traía anotadas, porque sei o que me vai dicir vostede, pero por favor, fíxese e cingase perfectamente aos números que aparecen nos informes, os informes técnicos son as bases do debate político, o debate político temos que facelo entón nós aquí.

En relación ao turismo, presumimos dos programas turísticos, estase a facer un diagnóstico que non estaba feito, rematáronse as Torres do Allo, non se habilitou como museo, habilitase este ano; o Mosteiro de Caaveiro, xa dixen que era o monumento máis visitado, tentaremos rematalo este ano. Como se pode dicir que aquí en turismo se dilapida o diñeiro?, aquí faise un diagnóstico, como fai un médico, e entón terán que vir as distintas actuacións, en toda a provincia, nos 94 concellos, o que ocorre é que non hai distinción de cor política, non sei se na súa época a habería ou non, agora ímolo ver en distintas intervencións, indubidabelmente.

Outra tecla do piano, as subvencións nominativas, vaia tampouco leu ben, soamente se dedicou a ler... Vostede non viu unha novidade grande nas subvencións nominativas?, non viu as subvencións en materia deportiva?, esquecese que antigamente o goberno do PP, o goberno conservador, subvencionaba á Xunta de Galicia a través dun convenio?, digo subvencionaba á Xunta de Galicia e aquí nesta Cámara, nin en ningunha comisión se deu coñecemento dese convenio nunca, e iso que se pediu insistentemente. Pois ben, miren vostedes a base 47, e mire agora como para actividades deportivas o “Hoquei Club Liceo”, o Club Instituto Rosalía de Castro, o Hoquei Patín Club Coruña, etc., etc., que aparecen aquí recollidas, o que pasa é que non as deberon de ver, isto era o que se trasladaba antigamente, que se vai facer?, vaise facer un convenio importante como se fixo coa Sinfónica, para que?, para que dean actividades deportivas en combinación cos concellos, coas institucións, co que considere conveniente. Esta Administración, este novo equipo de goberno dá, pero quere pedir a cambio cousas que se fagan nos concellos ou nas institucións, antes sinto dicirlles que non ocorría iso, e eu, particularmente, como deputado, non me decatara de nada, agora si, aparecen aquí reflectidas, e aparecerán en convenios que, por certo, serán públicos e estarán ao alcance dos deputados do Partido Popular.

Tento non estenderme moito pero en relación ao endebedamento, aí si que, Sr. Rodríguez, insisto, que mire ben os números, por favor, mire ben os números, porque están clariños nos distintos informes. Pero eu teño a necesidade, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, de facerlle un pequeno recordatorio: débeda viva, baixa; aforro neto, sobe; carga financeira anual, a máis baixa dos últimos dez anos, está nos documentos, estes díxitos eu sácoos dos documentos oficiais, vostede non acredita moitas veces nos documentos oficiais, non creu no informe do interventor cando se desprazaba a anualidade do mes de decembro a xaneiro de 2004, e agora segue sen acreditar, nin no informe do interventor, nin no informe do interventor xeral do Estado, entón, aquí, a que xogamos?, ás chapas?

E outras correccións, non se decatou aínda que a partida de medio natural, dos 2.884.000 euros dos que nos falaba, -perdón, non de medio natural, dunha partida que nos falaba-, non se enteira que é do convenio de Deporte Xunta-Deputación, é diso, pero mire, teño que dicirille que ese convenio asinárono vostedes, seleccionaron as obras vostedes e agora este goberno está a cumprir con eses requirimentos, cumpra os seus compromisos, remata no ano 2006, disto non lle temos que dar conta aquí ao Grupo Popular porque vostedes foron os que asinaron este documento, este convenio Xunta-Deputación, que no seu momento o equipo de goberno fará a valoración política que considere oportuna e veremos a situación.

E no medio natural, pois mire, no medio natural son os Parques de Bombeiros, que tamén lle quero facer unha reflexión, porque isto si que foi algo necesario que se iniciou nesta Cámara cunha moción do grupo socialista, e que realmente lles teño que dicir que nos meteron vostedes nun apuro grande, e que se vai resentir economicamente esta institución. Hai unha serie de temas, como o edificio das Artes Escénicas, como o propio Colón, como o edificio administrativo e os parques de bombeiros que, indubidabelmente, é un pau e un golpe grande á Deputación, cando había outros elementos e outros inmóbeis baleiros que se podían utilizar, vostedes dedícanse a facer construción, parecía unha promoción inmobiliaria, “non, imos facer isto”, e imos facer isto, para que?, para que imos facer isto?, iso é o primeiro que hai que saber. Pero os parques de bombeiros, que saben perfectamente que na súa maior parte son competencias da Xunta de Galicia, na construción a Deputación achega o 60% e a Xunta o 40%, unha boa negociación, extraordinaria, e no mantemento estamos ao 50-50, non digo nada máis, pero simplemente, os parques de bombeiros léanse de quen son as competencias. E, por suposto, que saiba vostede que a partida orzamentaria vai destinada, unha no capítulo VII, que son transferencias de capital, a construción, e no capítulo IV, teñen que funcionar os parques, temos que pagar o que vostedes apoiaron, e negociaron mal.

E xa remato, Sr. presidente, e simplemente se fala de programas suprimidos, non se suprimen os programas coas universidades, estea completamente tranquilo, tanto os programas coas universidades, e fálanos do Plan de travesías, lamentabelmente, ou vostede non se enteira, neste momento está en fase de execución un Plan de travesías e un Plan de marquesiñas en estradas provinciais. Polo tanto, parece que tocamos o piano con tres teclas, e non facemos a harmonía ben, estamos desafinando, Sr. Rodríguez, Sres. do Partido Popular, estamos desafinando.

Lean ben os contidos, eu agradézolle a súa intervención, non comparto estes aspectos, aínda que si respecto, por suposto, a súa intervención. Seguimos tentando que vostedes valoren favorablemente este documento orzamentario onde os eixes foron os marcados na primeira intervención, e a cooperación cos municipios, vostede mesmo o dixo, como o POL e o POS, sofren incrementos. E, por favor, eu o único que pido é rigor nalgúns datos numéricos. Grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Sr. Lagares, antes de nada eu quero comezar como rematou vostede, unha cousa é unha dialéctica política que, desgraciadamente, non estamos de acordo, e outra o respecto persoal que, o dixó vostede, non facía falta dicilo, pero como é natural teño o mesmo por vostede.

Imos ver, a súa intervención pretendía dúas cousas, por unha parte tomar ao revés o tema da famosa mensualidade, e por outra descualificar os datos que presentei eu como Partido Popular. Antes de nada, quérolle dicir, que respecto ao Arcebispado, había dúas subvencións e unha suprimiuse, había dúas no orzamento, e esa é a razón pola cal notamos isto, como había outra máis, o que digo a partir de agora imos facer algo moi sinxelo, Sr. Lagares, esquézase vostede de dicir que nós utilizamos datos que non son correctos, todos os datos que dixen está recollidos, supoño, na cinta correspondente que recolle o debate deste Pleno. Eu convidolle a vostede, diante do notario, a contrastar se os meus datos son correctos ou non, moi sinxelo, rematou a lería, vostede e eu imos a un notario, aí están os meus datos, presento os números, e se demostran que estou equivocado vouno dicir no próximo Pleno, porque dixen datos correctos todos os que dixen, son todos correctos, e vostede tenta comparar co orzamento do 2004 e eu comparaba co orzamento 2003. Xa que logo, deixémonos de que eu digo datos que non leo, non, non, os datos que eu utilizo aquí, que son números, son absolutamente sólidos, fiábeis e correctos, e como hai que demostralos, se vostede ten dúbidas, pois mire, nós collemos, presentamos os números, comparamos cos orzamentos, diante dun notario, que é o máis sinxelo para evitar discusións innecesarias, e comprobamos que, efectivamente, o que dixen é correcto. E, como é natural, eu fago caso ao informe de Intervención, e en ningún caso dixen que o informe de Intervención fose incorrecto, porque refírese fundamentalmente ao orzamento do ano pasado, e estou a comparar porque vostedes mesmos introduciron ese dato, esa filosofía, de os comparar co orzamento do Partido Popular. Vostedes pretendían dicir que os nosos eran malos, e nós demostramos que os malos son os de vostedes, e demostrámolo con números e con cifras.

En canto ao tema da mensualidade, non revolva vostede o tema. Eu dixen que vostede tivera unha amnesia relativa, non lembrando que a razón de que este orzamento non medre, é porque este orzamento ten doce mensualidades de ingresos do Estado, e o anterior tiña trece, non dixen outra cousa, e iso vostede esqueceuno, e eu lembreillo, porque esa é a razón de que este orzamento non medre en 8 millóns de euros. E a segunda é que o informe de Intervención xeral do Estado dicía que se podía facer o que vostede dicía, que a correcta era a nosa interpretación, pero que se podía facer tamén iso, iso é o que di o informe, e se quere levámolo diante do notario porque coñecemos os dous, coidado co que se di, porque o que está escrito non se pode terxiversar, iso é o que dicía o informe de Intervención xeral, que se pode facer o que vostedes fixeron, pero que o lóxico é utilizar o criterio de devengo, e demóstranolo o orzamento deste ano, no que se orzamentan doce mensualidades, independentemente de que non se sabe cando se vai cobrar o mes de decembro. Que pasou ese ano?, que como se fixo o

orçamento despois e apareceu no mes de xaneiro a recadación, a Intervención tomou ese criterio, vale, pero non é dicir que nós non tiñamos razón, en ningún caso é certo iso, tiñamos toda a razón, o que pasa é que se admite que contabelmente se poida facer iso, pero non era ese debate o que tiñamos aquí. O que dixen eu é que vostedes se esqueceron de lembrar que o orzamento deste ano ten oito millóns de euros na súa contra, porque vostedes no anterior puxeron trece mensualidades, en ningún papel puxeron iso, parece que lles daba vergoña dicilo, porque é verdade, porque é un dato importante, son oito millóns e pico de euros.

Despois non entendín moi ben o que dicía vostede de se cen anos da vella, que non sei que, que se agora segue chorando, mire, non sei se será por vostede, porque non é rebatíbel ningunha das cousas que dixen, pois terá que chorar cen anos ao mellor, por suposto, politicamente garantido que lle vou dar todos os panos que sexan necesarios, non persoalmente como é natural, pero ten ao seu dispor toda a camisaría dun amigo meu para lle dar panos para chorar cen anos porque, por suposto, en todo o que dixen, non me contradixo vostede en nada.

E vostede tentou colocarnos nunha situación estraña, comezou a atacar á Xunta de Galicia e ás actuacións da Xunta de Galicia, escoite, a min tráeme sen coidado, perdón, é dicir, eu estou aquí como deputado provincial, estou a falar da Deputación, se vostede quere que falemos da Xunta de Galicia falaremos noutro debate, non no do orzamento, quero dicir, e se vostede quere iniciar un debate específico, pode facelo, pero a min, a Xunta de Galicia actúa ben, e ás veces actúa mal, ás veces a Deputación, neste caso concreto, efectivamente, dá máis do que recibe nos centros educativos porque decide manter uns centros, e se se decide a non mantelos, pois moi ben, pois fará como se fixo outras veces, que se desprende de centros educativos e realmente estamos a falar de institucións que nós coñecemos perfectamente, e que agora xa non pertencen á Deputación, pois será unha política. Se vostedes comezan unha negociación para a transferencia dos centros educativos, seguramente terán o noso apoio tamén, porque nós xa o tentamos e non chegamos a un acordo. Porén hai un que nós pensamos que debía de estar na Deputación, e dígoo sinceramente, que é o Calvo Sotelo, porque é algo máis que un centro educativo, é un centro que expresa a solidariedade e que se dedica a atender a xente de pouquiños recursos, que ten residencia e o centro, e ten unhas características singulares que, obviamente, non entra nun sistema educativo ordinario, pero no caso do Puga Ramón, se vostedes conseguen a transferencia, pois nós encantados, nós xa o tentamos e non chegamos a un acordo, porque si é un centro educativo ordinario, porque o ten a Deputación porque considera que o debe de ter, pero seguramente todos veríamos con satisfacción que vostedes logren un acordo nese senso. Tamén lle digo que no caso do Calvo Sotelo nós mantíñamos a conveniencia de que ese centro estivese na propia Deputación.

Polo demais a min os temas da Xunta de Galicia, neste caso, e nesta figura de voceiro de Facenda do Grupo provincial Popular, por suposto, non teño nin que contestar nin que deixar de contestar, eu non estou aquí de defensor da Xunta de Galicia, nin moito menos.

Todos os datos, como xa lle dixen que podemos ir diante do notario, ratifico expresamente todos os datos que mencionei porque son datos que están tomados moi seriamente da análise orzamentaria. E cando vostede me diga que a publicidade hai que distinguir a institucional da outra, escoite, sempre houbo publicidade institucional e sempre houbo publicidade da outra, todos fixemos anuncios, ou vostede pensa que as obras que contrataba o goberno provincial na época do Partido Popular non se anunciaban?, temos grazas a Deus un bo interventor e un bo secretario, e aproveito, dado que os dous voceiros o dixeron, non vaia ser que pareza que o Partido Popular non pensa o mesmo, agradecer expresamente, porque na nosa época os funcionarios sempre prestaron un apoio exemplar, os funcionarios e os mandos, o interventor, secretario, tesoureiro, e todos os funcionarios, realmente non podemos facer máis que loanzas deles, do seu labor profesional. Pero unha cousa é que a publicidade, toda a publicidade, teña unha contía, e outra que se incremente nas porcentaxes que dixen eu, e ese incremento non está xustificado porque non era necesario incrementar esa publicidade cando todo o capítulo VI e VII, imputando, incluído dentro do VI e VII, refirome a estradas, POL e POS, non se incrementa nada, que é a diferenza. Nós dixemos, capítulo II e capítulo IV increméntanse en 15 millóns de euros, capítulo VI e VII en canto a POL, POS e estradas provinciais e municipais, 0 incremento, non chega a 500.000 euros. Esa é a diferenza, e é o que nós discutimos, a análise diferencial do orzamento, e o que a nós non nos gusta, e esa realidade, e é unha realidade teimosa, absolutamente teimuda, en canto a subvencións nominativas, o que dixen está aí, desas novas, dez correspóndense a concellos gobernados polo Partido Socialista e BNG e unha a un concello gobernado polo Partido Popular, están aí as partidas e están aí especificadas, e como é natural non necesitamos discutir entre vostede e eu porque os datos que están aí, están aí.

Vostedes formulan unha filosofía, que é respectábel, de que a Deputación non ten por que convir con outras administracións determinado tipo de actuacións, ben, nós criamos que os convenios eran convenientes porque a unión das administracións podía conseguir resultados máis positivos que actuando cada un por separado. Vostedes queren que a Deputación sexa protagonista única das súas actuacións en materia deportiva ou noutras materias?, pois moi ben, vale, sempre que se fagan as actuacións, e sempre que esa actuación singular non vaia en demérito do que representa o obxectivo que se vai conseguir.

Os parques de bombeiros, é un tema altamente discutíbel. Nós cremos que foi unha boa actuación, que nós pagamos o 40%, que ademais asumimos o 20% que tiñan que pagar os concellos, e dicimos, non, a Xunta de Galicia e a Deputación pagaba o 40%, os concellos o 20%; aquí adoptouse un acordo, que a min me parece ben, que a Deputación asuma a participación dos concellos, ben, e iso implica que sexa o 60%. Que os concellos non pagan nada polos parques de bombeiros?, pois ao mellor non lle dan o valor que deberían de lle dar porque custa diñeiro, tanto implica investimento de recursos que doutra maneira podían repercutir nos mesmos concellos, pero en definitiva o financiamento municipal acaba equilibrado. Que vostedes conseguen

mellorar o financiamento?, terán todo o noso apoio para melloralo, se o fan mellor que nós, encantados, o que nos parece correcto é que os parques de bombeiros se fixeran, porque resolven unha necesidade e cando se produza un incendio, saberemos realmente o que representa.

Falaba vostede, por último, do Plan de travesías, mire, o Plan de travesías o que está en execución, está en execución, pero falamos dun plan novo. Polo tanto, ese plan novo non o vemos por ningún lado, e é o que demandamos, porque non se acabaron todas as necesidades de travesías co plan anterior que se iniciou co Partido Popular no goberno da Deputación.

Resumindo, sabemos o que dicimos, estamos documentados, máis probas das que lle dou, non lle vou dar, se vostede quere vir ao notario, cando queira, pómonos de acordo e alí os datos que están ditos no Pleno da Deputación pódense comprobar, e non diga nunca que os datos que utilizamos non son correctos, porque non lle cre ninguén, agás os seus, claro está. Moitas grazas.

Sr. presidente

Ten a palabra o Sr. Bello, rógolle que a súa intervención non reabra o debate.

Sr. Bello Costa

Non quero deixar pasar por alto unha intervención que eu penso que hai que contestar tamén neste punto, porque se ben é certo que o asunto número 28, que se vai tratar despois, ten que ver co réxime de retribucións e indemnizacións aos membros da Corporación provincial, eu penso que precisamente por iso, seguramente que foi o motivo do Sr. Lagares de non incluír na réplica ningunha alusión a ela. Pero eu penso que como neste contexto estamos a debater algo que é importante, e ademais que afecta precisamente ao noso grupo provincial, e que o voceiro que antes interveu en nome do noso grupo non é a máis indicada, porque está directamente afectada precisamente pola resolución proposta que se trae hoxe aquí, eu quería comentar unha cousa. Mire, Sr. presidente, e non quero abrir o debate, pero tampouco quero pasar por alto determinadas afirmacións. Voulle dicir algo, eu cando viña por aquí pasei por unha das rías máis extraordinarias da nosa nación, a ría de Ferrol, a ría de Ferrol é un ecosistema mariño extraordinario, cunha produción importantísima de bivalvos, a ameixa babosa, e tamén de cefalópodos, entre os que destacan os chocos, que cando aumentan de tamaño se convirten en xibas, e o polbo, e teñen unha característica estes cefalópodos que lanza tinta, emporca e enxurran, e eu creo que ás veces en política hai que evitar a táctica dos cefalópodos, e eu penso que aquí non é san politicamente vir á Deputación e pór en solfa o que ten que ser unha corrección natural e normal que quedou pendente precisamente no acordo do 3 de decembro. Eu fago a pregunta, pero non a pregunta ao Partido Popular, fágolle a pregunta a toda a Cámara, se verdadeiramente hai algunha institución no Estado español que non convertera precisamente ao voceiro ou á voceira

dos grupos políticos presentes na institución, en algo que corresponde, e que eu creo que hoxe coa proposta que trae o grupo de goberno, ponse con toda naturalidade.

Xa que logo, Sr. presidente, creo que como grupo político sentímonos doídos e queixosos, e queremos deixar aquí testemuño expreso diso, que algo que é natural e normal, e que debía de quedar reparado desde o primeiro momento da constitución desta Corporación, e non se fixo así, que hoxe un ano despois se teña que facer, e xa que logo pido que non se utilicen as estratexias dos cefalópodos.

Sr. presidente

Grazas, Sr. Bello, ese é un tema que se vai debater no punto 28.

Sr. Torres Colomer

Como voceiro oficial do Grupo provincial Popular, que quero dicir unhas palabras sobre a intervención do Sr. Xaime Bello que non teñen lugar porque creo que aquí se está a falar, e dixo, e creo que o Partido Popular foi respectuoso, é respectuoso sempre con todo o mundo, e creo que está máis que demostrado, e as palabras do Sr. Xaime Bello non teñen sentido ningún. Por suposto que a ría de Ferrol é unha ría rica en bivalvos, en cefalópodos, no que vostede queira, igual que todas as rías galegas, vostede falou das luras, das xibas, pero eu falo das luras, e as xibas e das luras, e tamén do polbo, e o polbo tamén é un cefalópodo e ten a propiedade do mimetismo, se non o sabía vostede, e vostede cando lle interesa di unha cousa e cando non, fai outra. Polo tanto, creo que está máis que contestado. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: 2 deputados (PP- por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presentes no momento da votación – art. 74.1 do Regulamento Orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Examinado o expediente que contén o Proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2005, que presenta o Ilmo. Sr. presidente, e tendo en conta que na súa formación se deu cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90, do 20 de abril e art. 168 do Real decreto

lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2005 por importe de 160.941.483,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULO:

1. OPERACIÓN CORRENTES:

CAPÍTULO I	Impostos directos	13.187.600,00
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	11.293.400,00
CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	5.646.343,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	105.226.350,00
CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	4.079.860,00
TOTAL DE OPERACIÓN CORRENTES		139.433.553,00

2. OPERACIÓN DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI:	Alleamento de investimentos reais	688.746,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	12.269.184,00
TOTAL DE OPERACIÓN DE CAPITAL		12.957.930,00

3. OPERACIÓN FINANCIERAS

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	550.000,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	8.000.000,00
TOTAL DE OPERACIÓN FINANCIERAS		8.550.000,00

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL 160.941.483,00

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULO:

1. OPERACIÓN CORRENTES:

CAPÍTULO I	Gastos de persoal	30.869.009,00
CAPÍTULO II	Gastos en bens correntes e servizos	30.669.386,00
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	2.477.210,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	21.622.096,00
TOTAL DE OPERACIÓN CORRENTES		85.637.701,00

2. OPERACIÓN DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI:	Investimentos reais	33.163.457,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	30.261.450,00
TOTAL DE OPERACIÓN DE CAPITAL		63.424.907,00

3. OPERACIÓN FINANCIERAS

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	2.844.030,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	9.034.845,00
TOTAL DE OPERACIÓN FINANCIERAS		11.878.875,00

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL 160.941.483,00

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

<u>Grupo de función</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
1	Servizos de carácter xeral	18.163.292,00
2	Protección civil e seguridade cidadá	3.151.492,00
3	Seguridade, protección e promoción social	17.798.256,00
4	Produción de bens públicos de carácter social	39.547.062,00
5	Produción de bens públicos de carácter económico	30.465.167,00
6	Regulación económica de carácter xeral	11.766.034,00
7	Regulación económica de sectores produtivos	7.048.125,00
9	Transferencias a Administracións públicas	21.500.000,00
0	Débeda pública	11.502.055,00
<u>TOTAL DE ORZAMENTO XERAL</u>		<u>160.941.483,00</u>

2º.- Aprobar igualmente as **Bases de execución** para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se presentaran reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado Texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración xeral do Estado e da comunidade autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.”

6.- APROBACIÓN DOS PROXECTOS REFORMADOS DAS OBRAS “PAVIMENTACIÓN DE RÚAS NAS PARROQUIAS DE FEÁS E MUNIFERRAL” (CÓDIGO 04.2100.0007.0) E “PAVIMENTACIÓN DE RÚAS NAS PARROQUIAS DE CAMBAS, PORTOMAZÁS”, (CÓDIGO 04.2100.0010.0) DO CONCELLO DE ARANGA, INCLUÍDAS NO POS 2004.

INTERVENCIONES

Sr. Torres Colomer

Para ordenar un pouco o debate, se lle parece ben, para dicir que no punto 6 e 7 imos votar a favor, no punto 8 imonos abster e no punto 9 até o 27 inclusive imos votar

tamén a favor. Imos tomar esta postura porque a maioría dos puntos son de solicitude á Xunta de urxente ocupación de infraestruturas provinciais, outros son reformados nos proxectos sen aumento do orzamento, outros son cambios de denominación, en fin, en xeral temas que estaban en marcha polo antigo equipo de goberno, entre eles, do que nos alegamos moito que, por fin, vai ser unha realidade, é o convenio co Ministerio de Defensa para reparar, restaurar a Fonte Longa no Arsenal de Ferrol, e o seu contorno. Moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar os proxectos reformados das obras "Pavimentación de rúas nas parroquias de Feás e Muniferral” (código: 04.2100.0007.0) e “Pavimentación de rúas nas parroquias de Cambás, Portomazás” (código: 04.2100.0010.0) do Concello de Aranga, incluídas no POS 2004 cun presuposto de contrata de 31.892,25 € e 44.043,10 € respectivamente que non representan unha variación nos seus presupostos totais, nin varían a finalidade das obras pero representan cambios internos ao substituír uns camiños e o seus presupostos parciais por outros.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación f. propios</u>	<u>Deputación préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Presuposto Total</u>
04.2100.0007.0	Aranga	Pavimentación de rúas nas parroquias de Feás e Muniferral	13.890,82	11.756,93	4.649,89	1.594,61	31.892,25
04.2100.0010.0	Aranga	Pavimentación de rúas nas parroquias de Cambás, Portomazás	19.183,18	16.236,28	6.421,48	2.202,16	44.043,1

7.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “AMPLIACIÓN DE PONTÓN MUIÑA VELLA, KM 6,58” DO CONCELLO DE TOURO, INCLUÍDA NO PROGRAMA DE RVL 2004, CÓDIGO 04.2400.0501.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "**Ampliación Pontón Muíña Vella, Km. 6,58**" do Concello de Touro incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da Rede viaria local 2004 (Código: 04.2400.0501.0) cun presuposto de contrata de 43.615,32 € que non representa unha variación no seu presuposto total, nin varía a finalidade da obra pero si representa cambios internos que afectan a máis do 30% das súas unidades.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u>	<u>Estado</u>	<u>Presuposto Total</u>
04.2400.0501.0	Touro	Ampliación Pontón Muíña Vella, Km. 6,58	37.317,27	6.298,05	43.615,32

8.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE CESIÓN DO USO DE LOCAIS AO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COA FINALIDADE DE OS INCORPORAR Á REDE MUNICIPAL DE CENTROS E LOCAIS SOCIOCULTURALS.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1. Aprobar definitivamente o expediente de cesión de uso ao Concello de Santiago de Compostela dos seguintes locais:

Predios en Santa Cristina de Fecha.

- CONCELLO: Santiago de Compostela.

- SITUACIÓN DO INMÓBEL: Son tres pequenas parcelas (núm. 5.031, 5.032 e 5.033) ben situadas pola súa centralidade na parroquia de Santa Cristina de Fecha, no lugar de Gamil, nas inmediacións da igrexa. As parcelas 5.033 e 5.032 están unidas entre si, separadas da parcela 5.031 polo camiño de acceso á igrexa.

- SUPERFICIE: As parcelas 5.033 e 5.032 reúnen entre as dúas unha superficie de 709 m² en terreo duro e con lixeira pendente, suficiente para acoller unha edificación. A parcela 5.031 é terreo chan dedicado a arboredo e ten unha cabida superficial de 150 m², ideal para completar a urbanización do contorno. Dunha superficie total de 859 m² segundo escritura e 838 m² segundo proxecto.

- REFERENCIA CATASTRAL:

Parcela 5.031: 150790000051405031ZR (150 m²)

Parcela 5.032: 150790000051405032ZA (467 m²)

Parcela 5.033: 150790000051405033ZK (242 m²)

- ADQUISICIÓN: Compravenda á A.VV. “Nosa Señora de Belén”, segundo escritura autorizada polo notario D. Emilio López de Paz, con data do 10 de xullo de 2001. Núm. protocolo 569.

- REXISTRO: Non inscrita.

- DESTINO:

Destino anterior: Cesión á A.VV. “Nosa Señora de Belén”

Novo destino: Cesión ao Concello de Santiago de Compostela conforme co acordo adoptado polo Pleno da Corporación.

- OBRA NOVA: Edificación composta de dous módulos ou edificacións conectadas por medio dunha terraza cuberta por unha marquesiña, con destino a uso sociocultural. O edificio principal consta de planta baixa e planta semisoto cunha superficie construída de 225,57 m². O outro edificio consta dunha planta baixa de superficie

construída de 49,92 m². A estrutura combina estrutura metálica con muros de contención de formigón. Os cerramentos están formados por zócolos de cachotería, cerramentos de formigón visto e cuberta de zinc.

Predio en Santa María de Villestro.

- CONCELLO: Santiago de Compostela.
- SITUACIÓN DO INMÓBEL: Paraxe de Agro Novo, lugar detrás da igrexa, parroquia de Santa María de Villestro.
- SUPERFICIE: Terreo edificábel de 1.090 m² segundo escritura e 1.063 m² segundo proxecto, que se segrega do predio matriz resultante da concentración parcelaria de Santa María de Villestro, sinalada co número 447.
- REFERENCIA CATASTRAL:
150790000150200447ZZ
- ADQUISICIÓN: Compravenda a D^a. Sara Pachón Suárez e D. Antonio Liñares Pachón, segundo escritura autorizada polo notario D. Emilio López de Paz, con data do 10 de xullo de 2001. Núm. protocolo 569. O 27 de xullo de 2001 outorgouse outra escritura corrixida da anterior con núm. protocolo 662.
- REXISTRO: Rexistro da Propiedade núm. 2 de Santiago de Compostela. Tomo 1.304. Libro 346. Folio 75. Predio núm. 30.883 Bis.
- DESTINO:
Destino anterior: Cesión á A.VV. “A Unión”.
Novo destino: Cesión ao Concello de Santiago de Compostela conforme co acordo adoptado polo Pleno da Corporación.
- OBRA NOVA: Edificación illada de forma triangular composta de planta soto, baixa e primeira, destinada a uso sociocultural, cunha superficie total construída de 530,17 m². Estrutura mixta de formigón armado e piares metálicos. Cerramentos formados de bloques cerámicos alixeirados e revestidos pola súa cara exterior con morteiro monocapa. Particións interiores de tixolo oco dobre e tabiques autoportantes de cartón xeso. Cuberta ventilada acabada en zinc.

Predio “A Rocha”- Rocha Vella.

- CONCELLO: Santiago de Compostela.
- SITUACIÓN DO INMÓBEL: Co nome da Rocha - Rocha Vella, trátase da casa núm. 3 da Rúa do Veado, que consta de planta baixa e un piso alto con dúas paredes medianeiras que a dividen en tres corpos ou departamentos.
- SUPERFICIE:
Terreo: 641,50 m².
Construción: 598,03 m².
- REFERENCIA CATASTRAL:
4754346NH3445F0001RI
- ADQUISICIÓN: Compravenda a “Promociones Rox 98, S.L.”, segundo escritura autorizada polo notario D. Rafael Souto Álvarez, o 8 de agosto de 2002. Núm. protocolo 266.
- REXISTRO: Rexistro da Propiedade núm. 2 de Santiago de Compostela. Tomo 1.338. Libro 380. Folio 203. Predio 33.466.

- DESTINO:

Destino anterior: Cesión á A.VV. da Rocha “Serafin Zas”, que non chegou a formalizarse.

Novo destino: Cesión ao Concello de Santiago de Compostela conforme co acordo adoptado polo Pleno da Corporación.

- OBRA NOVA : Edificación illada de grad de protección non integral composto de planta baixa, primeira e alzadeira cunha superficie total construída de 598,03 metros cadrados. Destinado a uso sociocultural. Estrutura a base de muros mestres de perpiaño e cachotería. Tabiquerías con pladur. Forxados de madeira con pontóns de madeira de teca sobre perfís metálicos e cuberta de forxado de lousa de formigón con vigas metálicas e acabado de zinc.

Predio San Paio de Sabugueira.

- CONCELLO: Santiago de Compostela.

- SITUACIÓN DO INMÓBEL: Co nome de “San Paio de Sabugueira”, trátase da casa sinalada co núm. 33 (parcela 2282-A), composta de planta baixa, planta alta e espazo de aproveitamento baixo cuberta, destinada a vivenda unifamiliar. Co terro non edificado que a rodea forma un só predio que ocupa unha extensión de 12 a 15 ca, á casa correspóndenlle uns 131 m², cun total de 263 m² construídos.

- SUPERFICIE: Total, segundo escritura 1.215 m² e segundo proxecto 1.775 m².

- REFERENCIA CATASTRAL:

002100800NH45B0001/PY

- ADQUISICIÓN: Compravenda a D. Ramiro Oubel Freire e D^a. M^a del Carmen Cotón García, segundo escritura autorizada polo notario D. Rafael Souto Álvarez, o 26 de agosto de 2002, co núm. 327 do seu protocolo.

- REXISTRO: Non consta inscrición rexistral.

- DESTINO:

Destino anterior: Cesión á A.VV. “Ruta Xacobeá”, que non chegou a formalizarse.

Novo destino: Cesión ao Concello de Santiago de Compostela conforme co acordo adoptado polo Pleno da Corporación.

- OBRA NOVA: Edificación composta de planta baixa, planta primeira e planta baixocuberta, destinada a uso sociocultural. Estrutura realizada con piares, vigas e forxados de formigón armado e divisións e cerramentos realizados con fábrica de tixolo oco.

2. Aprobar o texto do Convenio que figura como anexo, logo da incorporación neste do novo destino dos bens.

3. Facultar ao Presidente da Corporación para a execución do presente acordo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA A CESIÓN DOS LOCAIS DESTINADOS ÁS ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS “A UNIÓN DE VILLESTRO”, “SERAFÍN ZAS DA ROCHA”, “NOSA SEÑORA DE BELÉN DE STA. CRISTINA DE FECHA” E “RUTA XACOBEO DE LAVACOLLA”

Santiago de Compostela, de de 2004

REUNIDOS

Dunha parte O Ilmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, que intervéñ neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, o Ilmo. Sr. D. Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Ambos os dous facultados para a subscrición do presente convenio en nome e representación das devanditas entidades, en virtude das facultades que lles confiren respectivamente os artigos 21 e 34 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 61 e 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de Galicia.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Excm. Deputación provincial é titular dos seguintes inmóbeis sitios no termo municipal do Concello de Santiago de Compostela:

A) Parcela destinada inicialmente a albergar a sede da "AA.VV Sta. María de Vilestro" de 1.090 m2 segundo escritura e de 1.063 m2 segundo o proxecto, que linda con NORTE: confluencia de zona excluída con camiño de Roxos a Reborido. SUR: resto do predio matriz que conserva Dna. Sara Pachón Suárez e D. Antonio Liñares Pachón. LESTE: con camiño de Roxos a Reborido. OESTE: zona excluída, e ten unha superficie construída de 530,17 m2 constando de soto, planta baixa e primeira.

Título: Compravenda a Dna. Sara Pachón Suárez e D. Antonio Liñares Pachón, segundo escritura autorizada polo notario D. Emilio López de Paz, o 10 de xullo de 2001, nº de protocolo 569. O 27 de xullo de 2001 outorgouse outra escritura reparadora da anterior con nº de protocolo 662.

Referencia catastral: non consta.

Datos rexistrals: Rexistro da Propiedade nº 2 de Santiago. Tomo 1304. Libro 346. Folio 75. Predio nº 30.883 bis.

Cargas: Afecta ao cumprimento das cargas urbanísticas que resulten da normativa e planeamento urbanístico aplicábel.

Valoración:

Concepto	Aprobación	Importe
Adquisición do terreo	Resol. nº 7244, do 20.04.2001	60.101,21
Honorarios redacción proxecto	Resol. nº 11524, do 29.06.2001	11.990,19
Obras	Resol. nº 12403, do 09.08.2002	367.929
Honorarios dirección obra e seguridade e saúde	Resol. nº 12771, do 16.08.2002	11.795,3
Mobiliario	Resol. nº 7980, do 09.05.2003	66.944,46
Equipamento informático	Resol. nº 22523, do 20.12.2001	15.548,07
Total		534.308,23

Novo destino : cesión ao Concello de Santiago conforme ao acordo adoptado polo Pleno provincial.

B) Parcela destinada inicialmente a albergar a sede da "AA.VV Serafín Zas da Rocha" de 641,50 m2 que linda con NORTE: resto do predio matriz. SUR: casa dos herdeiros de Dolores Barral e terreo de Avelino Couselo. LESTE: resto do predio matriz. OESTE: camiño público, hoxe Rúa do Veado, e ten unha superficie construída de 598,03 M2.

Título: Compravenda a "Promociones Rox 98,S.L." segundo escritura autorizada polo notario D. Rafael Souto Álvarez o 8 de agosto de 2002. Nº de protocolo 266.

Referencia catastral: 4754346NH3445F0001RI

Datos rexistrals: Rexistro da Propiedade nº 2 de Santiago. Tomo 1.338. Libro 380. Folio 203. Predio 33.466.

Cargas: Afecta ao cumprimento das cargas urbanísticas que resulten da normativa e planeamento urbanístico aplicábel.

Valoración:

Concepto	Aprobación	Importe
Adquisición do inmóbel	Resol. nº 7570, do 26.04.2001	165.879,34
Obras	Resol. nº 21324, do 23.12.2002	478.561,1
Honorarios dirección obra e seguridade e saúde		12.020,24
Mobiliario	Exp. mod. créd. aprob 30.07.2004	98.000
Total		754.460,68

Novo destino: cesión ao Concello de Santiago de Compostela conforme ao acordo adoptado polo Pleno provincial.

C) Parcela destinada inicialmente a albergar a sede da "AA.VV Nosa Señora de Belén de Sta. Cristina de Fecha" de 859 metros cadrados de superficie segundo escritura e 838 metros cadrados segundo proxecto, que linda con

NORTE: predio nº 5.034 de Dna. Mercedes García Noya e adro da igrexa, SUR: acaba en punta, LESTE: camiño e predio 5030 de D. Salvador Quintela Codesido e OESTE: predios 144 e 145 de Dna. Carmen González, e ten unha superficie construída de 275,49 M2.

Título: Compravenda á A.VV. "Nosa Señora de Belén", segundo escritura autorizada polo notario D. Emilio López de Paz, con data do 10 de xullo de 2001. Nº de protocolo 569.

Referencia catastral: Predio 5031: 150790000051405031ZR. Predio 5032: 15079000001405032ZA. Predio 5033: 15079000001405033ZK.

Datos rexistrals: Non constan.

Cargas: Afecta ao cumprimento das cargas urbanísticas que resulten da normativa e planeamento urbanístico aplicábel.

Valoración:

Concepto	Aprobación	Importe
Adquisición do terreo	Resol. nº 7245, do 20.04.2001	9.015,18
Honorarios redacción proxecto	Resol. nº 11792, do 05.06.2001	10.528,72
Obras	Resol. nº 12402, do 09.08.2002	343.829,89
Honorarios dirección obra e seguridade e saúde	Resol. nº 12771, do 16.08.2002	9.651,33
Mobiliario	Resol. nº 7980, do 09.05.2003	35.517,09
Total		408.542,21

Novo destino: cesión ao Concello de Santiago de Compostela conforme ao acordo adoptado polo Pleno provincial.

D) Parcela destinada inicialmente a albergar a sede da "AA.VV Ruta Xacobeá de Lavacolla" de 1.215 m2 segundo escritura e 1.775 m2 segundo proxecto, que linda con NORTE: Antonio Iglesias Suárez (parcela 2.283). SUR: parcela 2.282-B. ESTE: camiño. OESTE: parcelas 2.284 e 2.285 do Plan de concentración parcelaria, e ten unha superficie construída de 551,54 M2 constando de planta baixa, planta primeira e planta baixo-cuberta.

Título: Compravenda a D. Ramiro Oubel Freire e Dna. Mª del Carmen Cotón García, segundo escritura autorizada polo notario D. Rafael Souto Álvarez, o 26 de agosto de 2002, co nº 327 do seu protocolo.

Referencia catastral: 002100800NH45B001/PY

Datos rexistrals: Non constan.

Cargas: Afecta ao cumprimento das cargas urbanísticas que resulten da normativa e planeamento urbanístico aplicábel.

Valoración:

Concepto	Aprobación	Importe
Adquisición do inmóbel	Resol. nº 11226, do 10.07.2002	213.503
Honorarios redacción proxecto		9.137,66
Obras	Resol. nº 6688, do 22.04.2003	175.126,07
Honorarios dirección obra e seguridade e saúde		6.260,1
Equipamento informático		24.296,82
Mobiliario, instal. eléct., captación auga	Exp. mod. créd. aprob 30.07.2004	39.812,69
Total		468.136,34

Novo destino: Cesión ao Concello de Santiago de Compostela conforme ao acordo adoptado polo Pleno provincial.

SEGUNDO.- Que a Deputación provincial dispuxo a construción destes equipamentos sociais no exercicio das competencias que lle confire a normativa vixente para a cooperación no desenvolvemento económico e social dos municipios.

TERCEIRO.- Que ao coincidir o ámbito de actuación dos usuarios co termo municipal o Concello de Santiago de Compostela solicita a cesión do uso das devanditas instalacións por ser ademais da Administración local máis próxima e destinataria da actividade veciñal, a que conta cunha infraestrutura de xestión capaz de coordinar adecuadamente a xestión dos centros coas asociacións interesadas.

Por todo iso e co fin de establecer as condicións de colaboración necesarias e acadar os fins propostos, a Deputación e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO E ALCANCE DO CONVENIO.

Constitúe o obxecto deste convenio a cesión de uso a título gratuíto ao Concello de Santiago de Compostela, dos terreos e edificacións de titularidade da Deputación Provincial da Coruña, segundo aparecen descritos no expoñendo primeiro do presente documento.

SEGUNDA: PRAZO.

A autorización de uso realízase por un período de TRINTA anos (30 anos). Este período poderá ser prorrogado por períodos de CATRO (4 anos), por acordo da Excm. Deputación Provincial, logo da petición previa do Concello de Santiago de Compostela, na que se xustifiquen debidamente as razóns que motivan a necesidade ou conveniencia da prórroga, a solicitude de prórroga deberá formalizarse perante a Deputación provincial cunha antelación mínima de seis meses antes de que expire o prazo da súa vixencia.

TERCEIRA: DESTINO.

Os bens obxecto da presente autorización de uso, destinaranse aos fins previstos ao servizo dos veciños das respectivas zonas como centros socioculturais.

A Deputación provincial poderá realizar as inspeccións que estime necesarias para comprobar que os citados inmóbeis se destinan ao fin que motiva a autorización. O incumprimento desta obriga por parte do Concello de Santiago de Compostela dará lugar á extinción do convenio.

CUARTA: UTILIZACIÓN.

A utilización dos bens obxecto da cesión entrará en vigor na data da súa entrega pola Excm. Deputación provincial, logo da formalización previa das oportunas actas de recepción e o anexo do inventario que se xunta ao presente convenio.

QUINTA: ACHEGA DA DEPUTACIÓN PARA A SÚA POSTA EN FUNCIONAMENTO.

A Deputación aboaralle ao Concello de Santiago de Compostela a cantidade de 145.000 euros por ano os tres primeiros anos de cesión, coa finalidade de contribuír á posta en funcionamento e mantemento dos centros, a partir da anualidade 2005 e suxeito á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente.

O pagamento farase contra presentación de certificación expedida polo secretario do concello no que se acrediten os gastos derivados do funcionamento e mantemento de cada un dos centros polos seguintes conceptos: enerxía eléctrica, auga, teléfono, mantemento das instalacións, persoal, reparacións, limpeza e outros gastos correntes derivados da realización de actividades nos centros. No suposto de que os gastos xustificadas fosen inferiores minorarase a achega da deputación.

SEXTA: OBRIGAS DO CONCELLO

A) Os centros cedidos integraranse na rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.

B) O concello reservará en cada un dos centros, un local para uso exclusivo como despacho pola asociación de veciños.

C) O Concello de Santiago de Compostela comprométese a facerse cargo de todos os gastos relativos ao mantemento, reparación e conservación dos terreos e instalacións, sen prexuízo das subvencións que poida outorgar a deputación ou calquera outra entidade para esta finalidade.

D) Manter os fins da cesión de acordo co disposto no presente convenio.

E) O Concello de Santiago de Compostela deberá presentar ao final de ano, unha memoria xustificativa onde consten os gastos da xestión, derivados dos custos de persoal e gastos correntes relativos ao funcionamento, mantemento, conservación e reparación do recinto e instalacións.

F) Calquera obra que deba realizarse no inmóbel precisará da autorización previa da Deputación salvo as propias de uso e mantemento.

G) A Deputación non asumirá o pagamento do IBI dos inmóbeis.

SÉTIMA: VENCEMENTO.

O presente convenio finalizará polas seguintes causas:

A) Vencemento do termo da cesión de uso ou de calquera das prórrogas que puideran outorgarse de acordo co establecido na cláusula segunda deste convenio.

B) Mutuo acordo entre a deputación e o Concello de Santiago de Compostela.

C) Denuncia da autorización por calquera das partes formulada cunha antelación mínima de DOCE meses (12 meses).

D) Incumprimento da obriga referida nas cláusulas quinta e sexta.

E) Incumprimento polo Concello de Santiago de Compostela do obxecto ou fin da autorización do inmóbel.

F) Inobservancia por parte do Concello de Santiago de Compostela aos requirimentos da Excma. Deputación en relación co incumprimento por aquel das obrigas establecidas no presente convenio. Á finalización do presente convenio por calquera destas causas producirase a reversión dos terreos e instalacións á Excma. Deputación provincial, coas súas eventuais melloras e accesorios, quedando extinguido automaticamente o dereito de ocupación dos anteriores bens outorgados ao Concello de Santiago de Compostela por medio do presente convenio.

A Excma. Deputación provincial non asumirá, en ningún caso, os contratos de traballo que puidera ter realizado o Concello de Santiago de Compostela para o cumprimento dos seus fins, sen que polo tanto, poida de ningunha forma entenderse que a reversión implique a sucesión de empresa prevista na lexislación.

A deputación mediante ADDENDAS a este convenio poderá formalizar a cesión de uso do mobiliario.

OITAVA: XURISDICIÓN.

Conforme ao establecido no artigo 3º do Real decreto 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas, o presente convenio queda fóra de ámbito de aplicación da devandita lei, debendo regularse polas súas propias normas. Non obstante aplicaranse por analogía os principios da Lei de contratos das Administracións públicas, e no seu defecto, os xerais do dereito administrativo, para a resolución de dúbidas que puidera establecer o cumprimento deste convenio.

As cuestións litixiosas que puidesen xurdir na interpretación ou incumprimento das obrigas que deriven do presente convenio, resolveranse por vía administrativa e, no seu caso, mediante a xurisdición contencioso-administrativa na materia regulada pola lei da citada xurisdición.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por sesión plenaria celebrada o de de 2004

De conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con todo isto ás administracións que representan, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo. Xosé A. Sánchez Bugallo

9.- INICIACIÓN DE EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN PARCIAL DO EDIFICIO DA MILAGROSA E INICIO DE TRÁMITES PARA A CESIÓN DE USO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica do edificio da Milagrosa cuxa descrición figura no plano adxunto, co fin de cualificalo como ben patrimonial.

2.- Expor o citado expediente para información pública durante o prazo dun mes, contado dende a publicación no BOP, para os efectos de reclamacións. Entenderase definitivamente aprobado se estas non se producen.

3.- Aprobar o Prego de condicións que se xunta, no que se establecen os requisitos da cesión e segundo o que se seleccionará a súa entidade beneficiaria.

4.- Iniciar o expediente de cesión, condicionado a aprobación definitiva do expediente de alteración da cualificación xurídica do local, conforme aos trámites que establece o art. 110 do Regulamento de bens. Considerarase definitivamente aprobado se non se formulan reclamacións.”

PREGO DE CONDICIÓNNS PARA A CESIÓN DE USO DUN LOCAL NO EDIFICIO “A MILAGROSA” PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE APOIO Á FAMILIA E A INFANCIA .

I. OBXECTO

O presente prego ten por obxecto establecer as condicións para a cesión de uso dun local no edificio “A Milagrosa”, descrito no plano adxunto, coa finalidade de que a entidade cesionaria o destine ao desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia.

II. PRESCRICIÓNNS TÉCNICAS

1. A cesión de uso do local ao cesionario queda condicionada á aprobación definitiva dos expedientes de alteración da cualificación xurídica e de cesión, de acordo co establecido nos artigos 8, 109 e 110 do Regulamento de bens das entidades locais.

2. O local cedido utilizarao a entidade seleccionada exclusivamente para os fins previstos no expediente.

3. As obras de acondicionamento precisas para adecuar o local cedido para os fins sinalados realizaraas a entidade cesionaria pola súa costa, tralo coñecemento e aprobación previa da Deputación provincial.

4. En tanto estea vixente a autorización do uso do local, os gastos de teléfono, gas, auga, enerxía eléctrica e aqueles outros derivados da dita utilización, correrán a cargo da entidade cesionaria, que deberá instalar os correspondentes contadores individuais.

5. A entidade cesionaria deberá manter o inmóbel en perfecto estado de conservación, adoptando todas as medidas necesarias para iso.

6. O Servizo de Patrimonio e Contratación, por si ou a través doutros servizos técnicos da deputación (Servizos Sociais, Arquitectura, Enxeñaría e Mantemento, etc)

poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmóbel, así como o cumprimento dos fins establecidos.

III. FORMA DE ADXUDICACIÓN

A entidade cesionaria seleccionarase mediante concurso de acordo cos principios de publicidade e concorrência, trala publicación previa do anuncio no BOP, e aos criterios de selección establecidos no presente prego.

IV. REQUISITOS DAS ENTIDADES

As entidades interesadas deberán reunir os seguintes requisitos:

- a. Ter a cualificación de institución privada sen ánimo de lucro.
- b. Figurar inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, cos rexistros correspondentes ás actividades que desenvolvan.
- c. Ter como obxectivo dos seus programas e actividades o sector da familia e infancia, de acordo coa Lei de servizos sociais de Galicia e cos programas que se definen como especializados.

V. DOCUMENTACIÓN QUE HA PRESENTAR

- a) Documento de aceptación do prego axustado ao seguinte modelo:

D./ D^a....., con domicilio para os efectos de notificacións en , rúa....., núm....., código postal....., con DNI núm..... actuando en representación da entidade con domicilio en , rúa....., núm....., código postal....., fai constar que coñece e acepta as condicións do Prego para a cesión de uso dun local no edificio “A Milagrosa” para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia.

Asdo:

- b) Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a actividade da entidade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.
- c) Declaración da entidade como de utilidade pública de acordo cos art.32 a 36 da Lei orgánica 1/2002 reguladora do dereito de asociación, e/ou certificado de inscrición no correspondente Rexistro de Entidades de Interese Galego.

d) Deberá xuntarse poder notarial para representar á entidade en cuxo nome concorra perante a deputación, poder declarado bastante polo secretario da deputación, oficial maior ou funcionario habilitado.

e) Memoria anual de actividades, que deberá comprender as seguintes especificacións:

* Programas que desenvolven, actividades, metodoloxía, modelos de avaliación. Avaliación dos últimos catro anos. Se agrupa a outras entidades, a avaliación será destas; se colabora con entidades públicas, será dos organismos con quen teñan acordo ou convenio de colaboración e/ou de financiamento. En ambos os dous casos á avaliación externa xuntarase a da propia entidade.

* Recursos humanos: currículo dos profesionais adscritos aos distintos programas, tipo de contrato ou contraprestación de servizos.

* Recursos materiais: propios, conveniados, por cesión...

* Memoria económica: fontes de financiamento, de mantemento e investimento.

VI. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As proposicións poderán presentarse no Servizo de Patrimonio e Contratación dentro do prazo de 26 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria do presente concurso no BOP.

VII. COMISION DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN

Estará formada por:

- A xefa da Sección de Servizos Sociais
- A xefa da Unidade Técnica de Servizos Sociais
- Un ou unha profesor/a da Universidade designado polo presidente
- A directora do Fogar Infantil de Ferrol

Actuando como secretario, con voz pero sen voto, o xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación.

Serán criterios de valoración os seguintes:

- a. Metodoloxía 60 puntos
- b. Memoria económica 20 puntos
- c. Medios persoais 20 puntos

O Pleno da Corporación, á vista da proposta da Comisión Técnica, seleccionará a entidade cesionaria, unha vez aprobados definitivamente os expedientes de alteración da cualificación xurídica e de cesión.

VIII. PRAZO DE CESIÓN

O prazo de cesión de uso do local será de catro anos contados desde a súa entrega por parte da deputación, transcorrido o dito prazo o local cedido en uso reverterá no patrimonio da deputación.

A deputación, en calquera momento e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a autorización de uso cunha prenotificación de 6 meses.

IX. CAUSAS DE REVERSIÓN

Serán causas de reversión automática:

- 1) O cumprimento do prazo de cesión.
- 2) O incumprimento de calquera das condicións de cesión establecidas no presente prego e, en especial, as seguintes:

- Deixar de prestar as actividades que constitúen o obxecto da cesión
- Prestar inadecuadamente tales actividades
- O incumprimento pola entidade cesionaria da normativa reguladora dos servizos sociais, sanitarios, laborais e seguridade social, prevención de riscos laborais e calquera outra normativa aplicábel.
- A realización de obras no inmóbel sen a autorización da deputación.
- O incumprimento pola entidade cesionaria do deber de conservación do inmóbel.

10.- APROBACIÓN DE CAMBIO DA OBRA DO CONCELLO DE OZA DOS RÍOS INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE ARQUITECTURA POPULAR, ANUALIDADE 1999, RECUPERACIÓN DA IGREXA DO CARME (PARADA) E SANTA MARÍA DE CUIÑA, CÓDIGO 99.4100.0100.0, POLAS OBRAS DE RECUPERACIÓN DA CAPELA DO CARME (PARADA), CÓDIGO 99.4100.0557.0 E RECUPERACIÓN DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE CUIÑA, CÓDIGO 99.4100.0558.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar a anulación da obra do Concello de Oza dos Ríos, incluída no Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular 99.4100.0100.0 “Recuperación da igrexa do Carme (Parada) e Santa María de Cuiña” e inclusión no plan das obras: “Recuperación

capela do Carme As Capillas-Parada” e “Recuperación da igrexa de Santa María de Cuiña”.

Coa modificación acordada as obras quedarían para os efectos de codificación como segue:

DENOMINACIÓN	CÓDIGO	ORZAMENTO
PROXECTO INICIAL: “Recuperación da igrexa do Carme (Parada) e Sta. M ^a Cuiña” (OBRA ANULADA)	99.941.000.10-0	4.000.000.- ptas. 24.040,48 euros
PROXECTOS NOVOS: “Recuperación capela do Carme As Capillas-Parada	99.410.005.57-0	3.500.001.- ptas. 21.035,43 euros
“Recuperación da igrexa de Santa María de Cuiña. Oza dos Ríos”	99.410.005.58-0	499.999.- ptas. 3.005,05 euros

Todo isto despois do preceptivo informe de Intervención provincial.”

11.- APROBACIÓN DO CONTRATO CONEXO DE DIRECCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO PROXECTO TÉCNICO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE CAMPO DE FÚTBOL” DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, INCLUÍDA NA 5ª FASE DA ANUALIDADE 2003 DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE HA CONTRATAR A DEPUTACIÓN, INCLUÍDAS NO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006, PARA REFORMAR E CONSTRUIR INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. CÓDIGO 03.7450.0022.5.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Vista a proposta do Servizo Provincial de Arquitectura xustificativa do contrato conexo de dirección e coordinación de seguridade e saúde do proxecto técnico da obra “**Acondicionamento do campo de fútbol**” do **Concello de Valdoviño**, que aprobou o Pleno da deputación o 28.10.2004:

1º.- Aprobar o contrato conexo de dirección e coordinación de seguridade e saúde da obra “**Acondicionamento do campo de fútbol**” do **Concello de Valdoviño**, segundo se indica no cadro que figura a continuación:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN OBRA	HONORARIOS	IMPORTE (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
03.7450.0022.5	ACONDICIONAMENTO CAMPO DE FÚTBOL DE VALDOVIÑO	Dirección e coordinación seguridade e saúde	6.282,35

2º.- O financiamento deste contrato conexo da obra poderá facerse efectivo con cargo ao crédito existente na partida 0501/452D/60173 do vixente orzamento provincial.

3º.- Remitirille este acordo á Xunta e á Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de 10 días para o seu coñecemento e informe, e someter este acordo a exposición pública polo mesmo prazo, mediante publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas. De non se presentar alegacións ou reclamacións no citado prazo, este acordo entenderase definitivamente aprobado.”

12.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REMATE DE CAMPO DE FÚTBOL TARREO GRANDE” DO CONCELLO DE OZA DOS RÍOS, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 1999 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001. CÓDIGO 00.3420.0114.6.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Visto o proxecto técnico reformado da obra “Remate do campo de fútbol Tarreo Grande” do Concello de Oza dos Ríos, redactado polo Servizo Provincial de Arquitectura cun orzamento de contrata por importe de 144.424,88 non experimenta incremento económico ningún con respecto ao proxecto de finalización da obra que aprobou o Pleno da Deputación o 12.9.2003.

Visto o informe emitido polo Servizo Provincial de Arquitectura xustificativo das modificacións contidas no proxecto reformado da obra que en parte responde á solicitude presentada polo Concello de Oza dos Ríos.

1º.- Aprobar por un importe total de 144.424,88 euros sobre o presuposto de contrata, o proxecto reformado sen variación do orzamento da obra "**REMATE DO CAMPO DE FÚTBOL TARREO**" do Concello de Oza dos Ríos, co código 00.3420.0114.6.

Os datos de financiamento do proxecto reformado son os seguintes:

Proxecto reformado : Código 00.3420.0114.6	
Achegas	Presuposto contrata
Deputación F.P.	144.424,88

2º.- Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a inserción dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se

consideren oportunas, así mesmo remitirillo neste mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

De non se presentar alegacións ou reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado.”

13.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, AMES, BOQUEIXÓN, BRIÓN, PADRÓN, ROIS, TEO, VAL DO DUBRA E VEDRA, SOBRE O PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar a modificación do convenio marco que figura como anexo, entre a Consellaría de Xustiza, Interior e Administración Local, a Deputación da Coruña e os Concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra sobre o parque comarcal de bombeiros, cuxa anterior redacción foi aprobada polo Pleno da corporación en sesión ordinaria celebrada o 26/01/2001.

2.- Condicionar a achega da Deputación Provincial da Coruña para os gastos correntes (de persoal e de funcionamento) do parque de bombeiros á sinatura do correspondente convenio de desenvolvemento deste convenio marco, tras a cuantificación previa dos compromisos que comporta e verificación da existencia de crédito adecuado e suficiente para estas finalidades.”

MODIFICACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLARÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, AMES, BOQUEIXÓN, BRIÓN, PADRÓN, ROIS, TEO, VAL DO DUBRA E VEDRA, SOBRE O PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Santiago de Compostela, de xullo de dous mil catro.

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Xesús Carlos Palmou Lorenzo, Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local da Xunta de Galicia.

O Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

O Ilmo. Sr. D. José Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela.

D. Carlos Fernández Castro, Alcalde-Presidente do Concello de Ames.

D. Adolfo Gacio Vázquez, Alcalde-Presidente do Concello de Boqueixón.

D. José Luís García García, Alcalde-Presidente do Concello de Brión.

D. Jesús Villamor Calvo, Alcalde-Presidente do Concello de Padrón.

D. Xosé Manuel Penas Patiño, Alcalde-Presidente do Concello de Rois.

D. Armando Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do Concello de Teo.

D. Juan Manuel Baleato Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello de Val do Dubra.

D. Odón Casimiro Cobas García, Alcalde-Presidente do Concello de Vedra.

EXPOÑEN

1. Que as partes recoñecen plena capacidade para levar a cabo a presente modificación do convenio marco.

2.- Que a Consellaría de Xustiza, Interior e Administración local, a Deputación Provincial da Coruña, e os Concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra con data do 27 de setembro de dous mil un aprobaron un convenio marco de colaboración para a conversión en parque comarcal de bombeiros do parque de bombeiros de Santiago de Compostela, con extensión do seu ámbito de actuación a todos os concellos relacionados.

3- Que, ao abeiro do citado convenio-marco, e tal como se sinalaba na cláusula novena, para a execución das previsións contidas nel facíanse necesarios convenios de desenvolvemento, tanto no referido á dotación de equipamentos como á dotación de medios humanos e para a construción dun novo parque comarcal.

En execución deste convenio marco asináronse xa dous convenios de desenvolvemento, ambos os dous referidos á dotación de vehículos contraincendios.

Estes vehículos prestan xa o seu servizo na parte de Santiago baixo o ámbito comarcal, actuando, por tanto no ámbito xeográfico en todos os concellos asinantes do convenio marco.

Quedaría por tanto para completar o desenvolvemento do convenio marco as actuacións referidas á construción do novo edificio de bombeiros e a achega dos novos gastos de mantemento e funcionamento.

Polo que se refire á construción do edificio, circunstancias que non puideron ser tidas en conta á hora de redactar o convenio marco (basicamente a cimentación adicional do edificio, e eliminación de instalacións eléctricas existentes no soar), obrigan a unha readaptación á alza dos custos do proxecto.

Polo que se refire aos gastos correntes, razóns de operatividade e eficacia administrativa aconsellan tamén modificar a cláusula que no convenio marco facía referencia a ditos gastos.

Por todo isto e co fin de establecer as condicións de colaboración necesaria e acadar o fin proposto, a Consellaría de Xustiza, Interior e Administración Local, a Deputación e o Concello de Santiago de

Compostela, e demais concellos asinantes, acordan subscribir o presente convenio, que modifica, en parte ao convenio asinado con data do 27 de setembro de dous mil un, segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é a modificación no convenio marco asinado con data do 27 de setembro do 2001 das cláusulas terceira, “construción dun edificio para o Parque de Bombeiros de Santiago”, cuarta “ampliación do cadro de persoal do parque de bombeiros de Santiago, e novena, manténdose en vigor todo o previsto no citado convenio e non modificado en virtude da presente.

SEGUNDA.- Modificación da cláusula terceira do convenio inicial: CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO PARA O PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO

A cláusula terceira do convenio marco, queda redactada do seguinte xeito:

Estando asentado o parque de bombeiros nunha instalación provisional, as tres administracións acordan financiar a construción dun edificio para este fin, nas seguintes porcentaxes:

Deputación provincial	40%
Xunta de Galicia	40%
Concello de Santiago de Compostela	20%

O Concello de Santiago de Compostela achegará o solo necesario e licitará a construción, coa achega financeira expresada das demais administracións.

Para estes efectos o Concello de Santiago achegará o proxecto arquitectónico do edificio, proxecto que deberá ser aprobado polas tres administracións, como trámite previo á súa licitación.

O orzamento máximo desta actuación será de **2.379.591 €**

A contratación terá carácter plurianual, de acordo co ritmo previsto de execución da obra, realizando as administracións as súas achegas de acordo co sinalado no correspondente convenio de execución.

TERCEIRA.- Modificación da cláusula cuarta do convenio inicial: AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO.

Na actualidade o cadro de persoal orzamentario do Corpo de Bombeiros de Santiago é de 57 bombeiros.

Para atender as necesidades deste servizo na súa extensión aos concellos que se expresan na cláusula primeira deste convenio, considérase necesaria a ampliación do cadro de persoal en 19 bombeiros adicionais.

Esta ampliación do cadro de persoal financiarase da seguinte forma:

Deputación provincial	40%
Xunta de Galicia	40%
Concellos estipulados na cláusula primeira	20%

Unha vez certifique o Concello de Santiago de Compostela a cobertura do seu cadro de persoal primitivo, xurdirá automaticamente a obriga de achegar o citado financiamento e realizarse a medida que se vaian incorporando os novos efectivos a partir dos expresados 57 bombeiros, na proporción correspondente a esta incorporación.

Os expresados concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra, ingresarán a súa achega no Concello de Santiago de Compostela, en proporción á súa poboación con data do primeiro de xaneiro de cada ano, segundo os datos dos padróns de habitantes.

A Xunta de Galicia, a Deputación provincial e os citados concellos ingresarán trimestralmente no Concello de Santiago de Compostela a súa achega ao financiamento da ampliación do cadro de persoal, unha vez que o Concello de Santiago de Compostela acredite mediante certificación as achegas que corresponden a cada administración para cada trimestre, tanto no referido a gastos de persoal, como a gastos de financiamento do parque.

Ademais do incremento do cadro de persoal, a Xunta de Galicia, a Deputación e os concellos enumerados nesta cláusula financiarán o incremento en gastos correntes que se derivan deste incremento, na mesma proporción que este incremento de 19 persoas representa sobre o cadro de persoal básico do concello, 57 persoas, o que representa un 33,33%.

Os gastos de financiamento do parque de bombeiros, na actualidade, ascenden a 127.772 euros.

Polo tanto as expresadas entidades, excepto o Concello de Santiago de Compostela, achegarán anualmente ao Concello de Santiago de Compostela, en concepto de incremento de gastos de funcionamento correlativos ao incremento de cadro de persoal a cantidade de 42.586€, equivalente ao 33,33% dos gastos de funcionamento imputábeis ao cadro de persoal básico, correspondendo 17.034€ da expresada cantidade á Xunta de Galicia, outros 17.034€ á Deputación da Coruña e 8.517€ ó conxunto dos concellos, actualizándose estas cantidades anualmente de acordo co IPC fixado para cada exercicio.

O expresado financiamento, no caso de que o incremento de cadro de persoal non se produza nun só exercicio, aboarase proporcionalmente ao expresado incremento.

CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con este serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas existentes estarase ao disposto no R.D. lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas.

E en proba de conformidade, asinan a presente addenda no lugar e data indicados no encabezamento:

O CONSELLEIRO DE XUSTIZA INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL	O PRESIDENTE DE DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
Asdo.- Xesús Palmou Lorenzo	Asdo.- Salvador Fernández Moreda
O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES
Asdo.- José Sánchez Bugallo	Asdo.- Carlos Fernández Castro
O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PADRÓN

Asdo.-Adolfo Gacio Vázquez	Asdo.-Jesús Villamor Calvo
O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ROIS	A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE TEO
Asdo.- Xosé Manuel Penas Patiño	Asdo.- Armanda Blanco Martínez
O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VEDRA
Asdo.- Juan Manuel Baleato Iglesias	Asdo.- Odón Cobas García
O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BRIÓN	
Asdo.- José Luís García García	

14.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO Nº 2 CON INCREMENTO DA OBRA “CENTRO SOCIO CULTURAL DE SOFÁN, 1ª FASE PL.”, DO CONCELLO DE CARBALLO INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUTURAS ANUALIDADES 1999, 2000 E 2001. CÓDIGO 99.3400.1086.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Visto o proxecto reformado número dous da obra “Centro sociocultural de Sofán, 1ª fase pl”, presentado polo Concello de Carballo, en quen se delegou a contratación e execución desta obra mediante acordo plenario do 25 de abril de 2003.

1.-Aprobar o proxecto reformado nº 2 da obra "Centro sociocultural de Sofán, 1ª fase, pl" incluída no Plan 2000 de infraestruturas, anualidades 1999, 2000 e 2001 código: 99.3400.1086.0, polo seu orzamento de 156.053,76 €. O proxecto reformado implica un incremento por importe de 20.078,62 € no seu orzamento en relación co primeiro proxecto modificado que ascendía a 135.975,14 €, tal e como se indica, incremento que é financiado integramente polo concello (anualidade 2001), permanecendo invariábel a achega da Deputación.

<p>PROXECTO REFORMADO Nº2 Código: 99.3400.1086.0 Centro sociocultural de Sofán, 1ª fase, pl. Concello de Carballo</p>
--

	<u>Orzamento</u> 1999	<u>Orzamento</u> 2000	<u>Orzamento</u> 2001	<u>Orzamento</u> total
Deputación fondos propios	55.111,48		32.565,88	87.677,36
Deputación préstamo		37.576,01		37.576,01
Concello			30.800,39	30.800,39
TOTAL	55.111,48	37.576,01	63.366,27	156.053,76

2.- Dispor a súa exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.- Remitirlle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de administración local de Galicia.

4.-Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir as actuacións”.

15.- APROBACIÓN DO CONVENIO CO MINISTERIO DE DEFENSA, PARA PROMOVER A REHABILITACIÓN DO CONTORNO DA ZONA DE FONTELONGA EN FERROL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Ministerio de Defensa, para promover a rehabilitación do contorno da zona de Fontelonga en Ferrol, cun orzamento de 329.549,35 euros, cuxo texto figura como anexo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O MINISTERIO DE DEFENSA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO ESPAZO FONTELONGA EN FERROL.

A Coruña, de de dous mil catro

Reunidos:

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, que actúa en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña en virtude do establecido no art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra, o Excmo. Sr. D. Francisco Cañete Muñoz, Almirante Xefe do Arsenal Militar de Ferrol, actuando en nome e representación do Ministerio de Defensa, en virtude da delegación do almirante xefe do Estado Maior da Armada (AXEGA), conforme ao establecido na Orde DEF/3015/2004, do 17 de setembro. Primeiro f) , en relación cos artigos 13 e 16 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ambas as dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense mutua capacidade para se obrigar e convir e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o marco normativo do presente convenio vén establecido no artigo 9, en relación co 6, ambos os dous da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 3.c) do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos para as administracións públicas.

SEGUNDO.- Que a Deputación da Coruña mostrou o seu interese en contribuír nas obras de rehabilitación no complexo de Fontelonga por razón do interese público que o coñecemento destas instalacións representa.

TERCEIRO.-Que o Ministerio de Defensa-Armada é titular do complexo de Fontelonga, situado no recinto do Cuartel de Dolores de Ferrol, encontrándose o dito inmóbel directamente afecto ao Servizo Público da Defensa Nacional, por Declaración do Excmo. Sr. ministro de Defensa, do 15 de decembro de 1992.

CUARTO.- Que se pretenden realizar as obras necesarias para acondicionar as citadas instalacións aos usos que lle son propios, así como, nas condicións que se establezan facilitarlle o acceso ao público a estas.

QUINTA.- Que a Deputación da Coruña dentro das súas competencias, vén desenvolvendo dende hai varios anos, programas de actuación en colaboración con diferentes entidades públicas ou privadas titulares de bens situados no ámbito territorial da Deputación, e cuxo coñecemento ou difusión se consideran de interese para os cidadáns. O anterior supón unha prestación de servizos de carácter supramunicipal e o fomento á administración dos intereses peculiares da provincia o que, de conformidade co artigo 36 da Lei 7/1985, son competencias propias de dita entidade.

Así mesmo esta actuación pretende a mellora e conservación daqueles servizos relacionados co fomento dos citados intereses mediante a realización de obras en todo

o territorio provincial todo iso de acordo co establecido no artigo 18.e) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña e o Ministerio de Defensa, acordan formalizar o presente convenio de colaboración de acordo ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto deste Convenio de colaboración é o financiamento, tramitación e posterior execución das obras de rehabilitación do Complexo de Fontelonga, sito no recinto do Cuartel de Dolores da cidade de Ferrol, segundo o proxecto redactado polo Servizo de Arquitectura da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, cuxo orzamento de execución por contrata ascende a 329.549,35 € (TRESCENTAS VINTE E NOVE MIL QUIÑENTAS CORENTA E NOVE CON TRINTA E CINCO EUROS)

SEGUNDA.- A Deputación Provincial comprométese a financiar as mencionadas obras achegando para iso a cantidade de 329.549,35 € (TRESCENTAS VINTE E NOVE MIL QUIÑENTAS CORENTA E NOVE CON TRINTA E CINCO EUROS), o que representa o 100 % de coeficiente de financiamento da obra citada.

Dito compromiso, unha vez subscrito o presente convenio ten o carácter de definitivo e firme quedando garantida así a plena dispoñibilidade da achega provincial.

O pagamento da achega financeira da Deputación Provincial da Coruña realizarase contra a presentación, ante dita administración e a súa aceptación previa, das certificacións de obra realmente executada de conformidade, expedidas pola Dirección Facultativa.

Se para realizar o obxecto do presente convenio o Ministerio de Defensa obtivese subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas, minorarase a achega provincial da Coruña, de tal forma que a suma das subvencións concorrentes non superen o gasto da actividade xustificada na norma prevista nos apartados precedentes. Para tal fin, xunto coa última certificación de obra acompañarase certificación das axudas ou subvencións obtidas ou a declaración de non terse obtido ningunha outra.

TERCEIRA.- As actuacións que en materia económica se deriven do presente convenio deberán contar coa fiscalización previa dos órganos correspondentes, quedando xa que logo sometidas á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

CUARTA.- A contratación das obras efectuaraa a Deputación da Coruña, correspondéndolle igualmente a aprobación das certificacións da obra executada, emitidas pola Dirección Facultativa. Á Mesa de Contratación asistirá un representante

do Ministerio de Defensa. A Deputación da Coruña comunicarlle ao Ministerio de Defensa o nome e a dirección da empresa adxudicataria, así como a baixa ofertada, remitíndolles copia do contrato de obras suscrito. A Dirección Facultativa e o control de seguridade e saúde da obra serán realizados polo Ministerio de Defensa.

QUINTA.- A achega financeira con cargo á Deputación Provincial da Coruña e que polo presente convenio se establece está vinculada exclusivamente ao financiamento das obras mencionadas, sendo o obxecto esencial do convenio.

SEXTA.- Unha vez finalizados os traballos, unha Comisión Mixta -Ministerio de Defensa- Deputación Provincial da Coruña- procederá á recepción e liquidación se é o caso, das obras, remitíndose a ambas as dúas Administracións copia das correspondentes actas. En todo caso, o complexo Fontelonga conservará a súa cualificación xurídica orixinaria.

SÉTIMA.- O Ministerio de Defensa autorizará o acceso do público ás instalacións, con suxeición en todo caso ás limitacións propias das instalacións militares.

Para estes efectos as condicións para dito acceso serán fixadas polo xefe do establecemento, comunicándosele previamente á Deputación Provincial da Coruña, calquera variación nelas.

OITAVA.- No prazo dos quince días seguintes á sinatura do presente Convenio de colaboración constituirase unha comisión para seguimento e control, integrada por dous representantes de cada unha das dúas Administracións -Deputación Provincial da Coruña-Ministerio de Defensa- encargada do seguimento de obras de rehabilitación, así como de resolver todos os problemas que poden xurdir da interpretación do presente convenio.

NOVENA.- O prazo de vixencia do presente convenio, na parte correspondente ás obras, será até o 31 de decembro de 2005, prorrogábel polo tempo que as partes acorden se chegado o seu termo existen razóns que así o aconsellen, e en todo caso até o cumprimento das súas previsións. Sen prexuízo do anterior, as previsións do presente convenio, relativas ao acceso do público ás instalacións quedarán subsistentes en tanto en canto non se produza a súa denuncia por unha das partes.

DÉCIMA.- Será causa de resolución deste convenio o incumprimento das súas cláusulas. Non se considerará como causa imputábel ao Ministerio de Defensa a esixencia da protección dos intereses da Defensa Nacional.

DÉCIMO PRIMEIRA.- En todo caso, e con carácter xeral, para a resolución das dúbidas interpretativas que puidesen formularse respecto do presente convenio, acudirse aos principios establecidos no Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo R.D. lexislativo 2/2000 do 16 de xuño e o

resto do ordenamento xurídico administrativo –Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada polas Leis 4/99 do 13 de xaneiro e 24/01 do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da Orde social -concordantes e as mencionadas no presente, así como no determinado na Instrución 170/2003 do 15 de decembro, a O. Ministerial 169/2003, do 11 de decembro e a Orde DEF/3015/2004, do 17 de setembro, BOD 189 do 24 de setembro.

DÉCIMO SEGUNDA.- O convenio ten natureza administrativa, polo que sen prexuízo do disposto no seu clausulado, as cuestións que se formulen na súa aplicación deberá resolvelas a xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade subscríbese o presente convenio no lugar e data antes indicados en exemplar cuadruplicado e para un só efecto, quedando un deles en poder de cada unha das partes.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario nº con data do.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL O
DA CORUÑA

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

16.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DE BENS E DEREITOS QUE SON NECESARIOS OCUPAR, PARA REALIZAR OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 3503 MANIÑOS A PONTE REGO POR SAN MARCOS (P.K. 0,400 AO 1,200), CÓDIGO 04.1130.0004.0, INCLUÍDO NO PLAN DE TRAVESÍAS 2004, 1ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de ampliación e mellora do trazado da E.P. 3503 Maniños a Ponte Rego por San Marcos (P.K. 0,400 ao 1,200) (0411300004.0)

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación, e tendo en conta que a solicitude deste procedemento de urxencia se xustifica co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta que no presente caso existen razóns de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do pavimento da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc. co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

17.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DE BENS E DEREITOS QUE SON NECESARIOS OCUPAR, PARA REALIZAR AS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO DE ENSANCHE E ACONDICIONAMENTO DA E.P. 3614 DE GÁNDARA AO KM. 3 DA ESTRADA FERROL-CEDEIRA, P.K. 1,89 AO 2,61, CÓDIGO 04.1130.0006.0, INCLUÍDO NO PLAN DE TRAVESÍAS 2004, 1ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de ensanche e acondicionamento da E.P. 3614 da Gándara ao KM. 3 da estrada Ferrol-Cedeira, PK. 1,89 ao PK. 2,61 (0411300006.0).

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación, e tendo en conta que a solicitude deste procedemento de urxencia se xustifica co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do pavimento da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc. co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

18.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DE BENS E DEREITOS QUE SON NECESARIOS OCUPAR, PARA REALIZAR AS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA E.P. 3802 DE ORDES A PONTECARREIRA, P.K. 0,00 AO 0,71, CÓDIGO 04.1130.0010.0, INCLUÍDO NO PLAN DE TRAVESÍAS 2004, 1ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de acondicionamento da E.P. 3802 de Ordes á Ponte Carreira, P.K. 0,00 ao 0,71 (0411300010.0)

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación, e tendo en conta que a solicitude deste procedemento de urxencia se xustifica co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta que no presente caso existen razóns de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do pavimento da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc. co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

19.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DE BENS E DEREITOS QUE SON NECESARIOS OCUPAR, PARA REALIZAR AS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO DE MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 6121 EN FEÁS (DENDE O P.K. 2,379 A P.K. 3,710, 1ª FASE, CÓDIGO 04.1130.0003.0 INCLUÍDO NO PLAN DE TRAVESÍAS 2004, 1ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de mellora da seguridade vial na E.P. 6121 en Feás (dende o P.K. 2,379 ao P.K. 3,710, 1ª fase (0411300003.0).

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación, e tendo en conta que a solicitude deste procedemento de urxencia se xustifica co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta que no presente caso existen razóns de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do pavimento da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a

intensidade media do tráfico, etc. co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

20.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DE BENS E DEREITOS QUE SON NECESARIOS OCUPAR, PARA REALIZAR AS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO DE ENSANCHE E ACONDICIONAMENTO DA E.P. 3608 DE FEIRA DO 2 EN SERANTES A DONIÑOS, P.K. 0,00 AO 1,20 CÓDIGO 04.1130.0005.0, INCLUÍDO NO PLAN DE TRAVESÍAS 2004, 1ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de ensanche e acondicionamento da E.P. 3608 de Feira do 2 en Serantes a Doniños, P.K. 0,00 ao 1,20 (0411300005.0).

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación, e tendo en conta que a solicitude deste procedemento de urxencia se xustifica co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta que no presente caso existen razóns de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do pavimento da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc. co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.- Desistir do expediente de expropiación para a execución das obras contidas no proxecto de ampliación e mellora do trazado da E.P. 3608 do PK. 0,00 ao PK. 1,00 Feira do 2 (Serantes) a Doniños, incluída na 3ª relación do Plan de vías provinciais 2003, xa que a aprobación do proxecto de ensanche e acondicionamento da E.P. 3608 da Feira do 2 en Serantes a Doniños, E.P. 0,00 ao 1,20 (0411300005.0) (Plan de travesías 2004, 1ª fase), supón a modificación dos bens e dereitos que son necesario ocupar para a realización das obras contidas no citado proxecto e a relación de titulares no seu caso.

5.- Deixar sen efecto todas as actuacións do expediente de expropiación para a realización das obras contidas no proxecto de ampliación e mellora do trazado da E.P. 3608 do PK 0,00 ao PK. 1,00 Feira do 2 (Serantes) a Doniños, incluída na 3ª relación

do Plan de vías provinciais 2003 en cuxo expediente se culminara unicamente a fase de levantamento de actas previas á ocupación.

6.- Comunicarlle á Xunta de Galicia e a todos os interesados o presente acordo

7.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de desistencia.”

21.- APROBACIÓN TÉCNICA E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DE BENS E DEREITOS QUE SON NECESARIOS OCUPAR, PARA REALIZAR AS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 0604 DA C-544 A ARZÚA POR CALVOS DENDE O P.K. 0,0 A P.K. 3,3, INCLUÍDO NO PLAN CUARTA RELACIÓN DA ANUALIDADE 2004 DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN NA REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS, PERÍODO 2002-2005.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobación técnica dos proxectos da cuarta relación da anualidade 2004 do programa de actuación na rede de estradas provinciais período 2002/2005

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA O COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓNS)
AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO NA E.P.. 0604 DA C-544 A ARZÚA POR CALVOS DENDE O PK. 0,0 AO PK. 3,3	382.850,56	29.683,88
TOTAIS	382.850,56	29.683,88

2.- Expoñer ao público os proxectos da cuarta relación da anualidade 2004 do programa de actuación na rede de estradas provinciais período 2002/2005, mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido este sen que se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Solicitalle á Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras conforme co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, e orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do pavimento da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc. co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.- Someter a información pública o referido expediente de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

22.- APROBACIÓN TÉCNICA E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DE BENS E DEREITOS QUE SON NECESARIOS OCUPAR, PARA REALIZAR AS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 1909 CARBALLO A CAIÓN E ACCESO A LAGOA P.K. 12,00 AO 15,630 INCLUÍDO NO PLAN CUARTA RELACIÓN DA ANUALIDADE 2004 DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN NA REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS, PERÍODO 2002-2005.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobación técnica dos proxectos da cuarta relación, anualidade 2004 do programa de actuación na rede de estradas provinciais, período 2002/2005

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA O COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓNS)
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA EP 1909 CARBALLO A CAIÓN E ACCESO Á LAGOA PK. 12,00 AO PK. 15,630	1.605.690,27	185.945,89
TOTAIS	1.605.690,27	185.945,89

2.- Desistir o expediente de expropiación iniciado para a execución das obras contidas no proxecto de ampliación e mellora do trazado da EP 1909, Carballo a Caión e acceso á Lagoa, PK. 12,00 ao PK. 15,630 aprobado polo Pleno o 15-07-2002, cuxa declaración de urxencia aprobouse por Decreto da Xunta 168/31-01-2003 e publicouse no DOG 40/26-02-2003, xa que a aprobación do presente proxecto supón unha modificación dos bens e dereitos que son necesario ocupar para a realización das obras contidas no proxecto aprobado, e a relación de titulares no seu caso.

3.- Comunicarlle á Xunta de Galicia e a todos os interesados o presente acordo.

4.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de desistencia.

5.- Expoñer ao público o proxecto incluído na cuarta relación da anualidade 2004 do programa de actuación na rede de estradas provinciais, período 2002/2005, mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.

6.- Solicitalle á Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras conforme co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, e orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do pavimento da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc. co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

7.- Someter a información pública o referido expediente de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

23.- VALIDACIÓN DE ACTUACIÓNS REALIZADAS POLO CONCELLO DE NARÓN DA OBRA “CREACIÓN DA ZONA DE ACAMPADA DE TURISMO NATURAL, 2ª FASE”, CÓDIGO 02.4300.0088.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Analizados os informes que constan no expediente: Validar as actuacións realizadas polo Concello de Narón para adxudicar a obra “Creación da zona de acampada de turismo natural, 2ª fase”, código da obra 02.4300.0088.0 , incluída na primeira relación do Plan XXI de fomento do turismo de natureza (anualidade 2002), aprobada polo Pleno corporativo o 27 de setembro de 2002, polo que queda o financiamento da obra como segue:

Axentes financiadores	Importe financiado	Importe adxudicación
Concello	2.790,09	
Deputación fondos propios	87.202,33	71.993,94
TOTAL	89.992,42	71.993,94

O importe asumido pola deputación financiarase con cargo á partida orzamentaria 0305/751.A/762.99”

24.- MODIFICACIÓN DA OBRA CORRESPONDENTE AO PLAN XXI DE TURISMO DA NATUREZA, CÓDIGO 02.4300.0053.0, “ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DA ERMIDA DE S. COSME”, DO CONCELLO DE CULLEREDO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º.- Aprobar a modificación da obra do Plan XXI de turismo da natureza do Concello de Culleredo segundo o seguinte detalle:

Cód. 02.4300.0053.0 "Acondicionamento do contorno da ermida de San Cosme"

Orzamento: 94.505,48 euros
Deputación: 52.356,68 euros
Achega concello 42.148,80 euros

2º.-A modificación proposta non afecta ao importe que vai financiar a deputación, polo que se aplica o aboamento da mesma partida 0305/751A/762.99

3º.- Facultar o Presidente para canto proceda canto á xestión e execución do presente acordo”

25.- CAMBIO DO OBXECTO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA INCLUÍDA NO ORZAMENTO DE 2004 PARA “OBRAS DE URBANIZACIÓN DE CAMPUS DE ELVIÑA”, PARA A UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a modificación do obxecto da subvención nominativa incluída no Orzamento de 2004, para “Obras de urbanización do Campus de Elviña”, concedida á Universidade da Coruña, no senso de que o obxecto da subvención sexa: “Obras de urbanización e aparcadoiros nos Campus Universitarios de Elviña e A Zapateira”.

26.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS A ENTIDADES DEPORTIVAS DA PROVINCIA. RELACIÓN Nº 3/2004.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Concederlles ás entidades deportivas da provincia que figuran na [relación nº 3/2004](#), que se axunta, as subvenciones nominativas polos importes que se indican nela, que fan un total de **7.889,02 €** de acordo co seguinte resumo:

FEDERACIÓNS	Nº CLUBS	IMPORTES
Actividades subacuáticas	2	143,73
Judo	1	357,00
Loíta	2	1.050,00
Minusválidos psíquicos	2	238,29
Rugby	3	5.400,00
Vela	1	700,00
Totais	11	7.889,02

En cumprimento do establecido na base 48ª.- 3ª das de execución do Orzamento desta Deputación para 2004, as subvencions concédense nas seguintes condicións:

1.- Titulares das subvencións: As 11 entidades deportivas da provincia que figuran na relación nº 3/2004 adxunta.

2.- Importes das subvencións: os que figuran de xeito individualizado para cada unha das entidades relacionadas.

3.- Obxecto das subvencións:

* A organización da actividade deportiva federada e doutras actividades de especial transcendencia social que contribúan á promoción deportiva.

* A participación ou organización de competicións deportivas de carácter oficial.

* A adquisición de material deportivo de competición ou adestramento, sempre que o material sexa de carácter funxíbel.

* A mellora de infraestruturas, ampliación de instalacións náuticas ou mantemento das xa existentes que teñan un orzamento que non exceda de sesenta mil cen euros (60.100 €), para as entidades da área de deportes náuticos olímpicos.

4.- Xustificación e pagamento:

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, polo menos, o dobre da subvención concedida.

No caso de que se tiveran máis subvencións ca as da Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia, para o mesmo obxecto, terán que xustificarse gastos pola suma das subvencións.

Para o cobro da subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

4.1.- Declaración da totalidade das subvencións obtidas para o mesmo obxecto.

4.2.- Acreditación da realización de gastos, da forma seguinte:

A) A xustificación de gastos de transporte, compra de equipamentos e material e, en xeral os gastos correntes, realizarase mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

Os gastos federativos, cotas de inscrición e arbitraxes poderán xustificarse con certificación expedida pola federación correspondente.

Os gastos de mutualidade e seguros poderán xustificarse con certificación expedida polo organismo correspondente.

B) A adquisición de material deportivo de competición ou adestramento: facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

C) A mellora de infraestruturas, construción de instalacións náuticas ou realización de obras de reforma: certificación de obra e relación valorada subscrita por técnico competente.

4.3.- Certificación dos datos da conta bancaria na que se cobrará a subvención, conforme ao modelo de certificación aprobado pola Deputación.

Os xustificantes deberán referirse a gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2003 até o 31 de decembro de 2004.

5.- Prazo de xustificación:

O prazo de presentación da documentación xustificativa para o cobro das subvencións contidas no presente acordo rematará o 15 de marzo de 2005.

O incumprimento do prazo de xustificación suporá a perda do dereito a percibir a subvención.

6.- Consideracións xerais:

Para o non previsto neste acordo serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2004 e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. “

***SUBVENCIONES NOMINATIVAS A ENTIDADES DEPORTIVAS
RELACION Nº 3 / 2004***

FEDERACIÓN: ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

<i>CONCELLO</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>CIF</i>	<i>SUBV2003</i>
A CORUÑA	CLUB MARÍTIMO O PORTIÑO	G-15135130	72,73 €
SADA	CLUB NÁUTICO DE SADA	G-15342074	71,00 €
<i>Total de subvencions, ano 2003:</i>			143,73 €

***SUBVENCIONES NOMINATIVAS A ENTIDADES DEPORTIVAS
RELACION N° 3 / 2004***

FEDERACIÓN: JUDO

<i>CONCELLO</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>CIF</i>	<i>SUBV2003</i>
A CORUÑA	CLUB JUDO CARRAL	G-15718216	357,00 €
<i>Total de subvencions, ano 2003:</i>			357,00 €

***SUBVENCIONES NOMINATIVAS A ENTIDADES DEPORTIVAS
RELACION N° 3 / 2004***

FEDERACIÓN: LOITA

<i>CONCELLO</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>CIF</i>	<i>SUBV2003</i>
ARES	CLUB TÉCNICAS DO CORPO	G-15422405	750,00 €
FERROL	CLUB TAIDO	G-15732902	300,00 €

Total de subvencions, ano 2003: 1.050,00 €

***SUBVENCIONES NOMINATIVAS A ENTIDADES DEPORTIVAS
RELACION Nº 3 / 2004***

FEDERACIÓN: MINUSVÁLIDOS PSÍQUICOS

<i>CONCELLO</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>CIF</i>	<i>SUBV2003</i>
A CORUÑA	CLUB G. R. SANTIAGO APÓSTOLO	G-15629462	47,82 €
CEDEIRA	CLUB POLIDEPORTIVO APADER	G-15587645	190,47 €
<i>Total de subvencions, ano 2003:</i>			238,29 €

***SUBVENCIONES NOMINATIVAS A ENTIDADES DEPORTIVAS
RELACION N° 3 / 2004***

FEDERACIÓN: RUGBY

<i>CONCELLO</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>CIF</i>	<i>SUBV2003</i>
A CORUÑA	CLUB DE RUGBY ARQUITECTURA TÉCNICA (C.R.A.T.)	G-15116759	3.600,00 €
A CORUÑA	UNIVERSIDADE DA CORUÑA (SECCIÓN DE RUGBY)	Q-6550005-J	1.200,00 €
SANTIAGO de COMPOSTELA	ASOCIACIÓN DEPORTIVA XUVENIL FERROL	G-15756711	600,00 €

Total de subvencions, ano 2003: 5.400,00 €

***SUBVENCIONES NOMINATIVAS A ENTIDADES DEPORTIVAS
RELACION N° 3 / 2004***

FEDERACIÓN: VELA

<i>CONCELLO</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>CIF</i>	<i>SUBV2003</i>
CAMARIÑAS	CLUB NÁUTICO DE CAMARIÑAS	G-15364623	700,00 €
<i>Total de subvencions, ano 2003:</i>			<i>700,00 €</i>

27.- CORRECCIÓN DE ERROS NAS DENOMINACIÓN DE ENTIDADES DEPORTIVAS INCLUÍDAS NAS RELACIONES Nº 1/2004 E Nº 2/2004 DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Corrixir os erros apreciados nas denominacións e/ou códigos de identificación fiscal das entidades deportivas beneficiarias das subvencións nominativas, incluídas na relación nº 1/2004, aprobada polo Pleno, en sesión ordinaria do 25 de xuño de 2004, como consecuencia de Moción da Presidencia fóra da orde do día e das entidades deportivas beneficiarias das subvencións nominativas, incluídas na relación nº 2/2004, aprobada polo Pleno, en sesión ordinaria do 30 de xullo de 2004, punto 25 da orde do día, segundo resulta nos seguintes cadros:

Modalidade deportiva: Actividades subacuáticas

Nº REL.	CIF	NOME RELACIÓN	NOME CORRECTO	CIF CORRECTO
01/04	G15655988	CLUBE ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS	CLUBE ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS NAUTILUS	
01/04	G37023512	CENTRO DE ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS GOLFIÑO	INSTITUTO INVESTIG. CIENTÍFICAS Y ECOLÓGICAS	
01/04	G15374937	CLUB DO MAR FERROL	CLUB DEL MAR FERROL VELLO	
01/04	G15277957	S.D.R. Y C. GRUPO BAZÁN	ASOC. CULT. RECREATIVA GRUPO BAZÁN FERROL	

Modalidade deportiva: Automobilismo

Nº REL.	CIF	NOME RELACIÓN	NOME CORRECTO	CIF CORRECTO
01/04	G15115660	ESCUDEIRÍA A. FERROL	ESCUDEIRÍA AUTOMOVILÍSTICA FERROL	
01/04	G15820046	ASSEN MOTOR	ESCUDEIRÍA ASSEN MOTOR	
01/04	G15111057	ESCUDEIRÍA COMPOSTELA	CLUB ESCUDEIRÍA COMPOSTELA	

Modalidade deportiva: Baloncesto

Nº REL.	CIF	NOME RELACIÓN	NOME CORRECTO	CIF CORRECTO
01/04	G15142912	INMACULADA	AGRUPACIÓN DEPORTIVA ESCUELAS LA INMACULADA	
01/04	G15094188	A.D.C. OBRADOIRO	AGRUPACIÓN DEPORTIVA ESCOLAR COLEGIO OBRADOIRO	
01/04	G15639313	C.B. ENSENADA DE LA CORUÑA	CLUB BALONCESTO ENSENADA DE LA CORUÑA	
01/04	G15142987		SANTA MARÍA DEL MAR CLUB DEPORTIVO CULTURAL	
